

**PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA
I.E.S RAMÓN CABANILLAS (CAMBADOS)**

Profesores: Xurxo Novales Ordax e Francisco José Fernández Gago

Economía da Empresa.....	Páx. 2
Iniciación á actividade emprendedora e empresarial.....	Páx. 43
Economía 4º ESO.....	Páx. 86

**Programación didáctica da materia “Economía da Empresa”
2º de bacharelato
2022 – 2023**

ÍNDICE:

Normativa	4
i. Introducción e contextualización	4
ii. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave	6
iii. Concreción dos obxectivos para cada curso	9
iv. Concreción para cada estándar de aprendizaxe:	11
1. Temporalización	
2. Grao mínimo de consecución para superar a materia	
3. Procedementos e instrumentos de avaliación	
v. Concrecións metodolóxicas que require a materia	19
v.b. Caso de necesidade de ensino a distancia	
vi. Materiais e recursos didácticos	20
vii. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado	21
vii.b Caso de necesidade de ensino a distancia	
viii. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente	26
ix. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	27
x. Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias (bacharelato)	28
xi. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencias dos seus resultados	28
xii. Medidas de atención á diversidade	28

xiii.	Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso	29
xiv.	Actividades complementarias e extraescolares	30
xv.	Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora	30
	Anexo I: Modelo de test de coñecementos previos	31
	Anexo II: Modelo de proba de avaliación	33
	Anexo III: Modelo de rexistro de capacidades adquiridas	34
	Anexo IV: Programación de actividades diarias na aula	40
	Anexo V: Modelo de proba de avaliación extraordinaria	41
	Anexo VI: Enquisa de satisfacción do alumnado	42

Normativa

- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.

i. Introducción e contextualización.-

Economía da Empresa trata de explicar a realidade empresarial, como unha rama da economía especializada nun determinado suxeito económico: a empresa. Trátase dunha ciencia que, por unha banda, procura a explicación do fenómeno económico da empresa e, por outra, a actuación sobre ela para alcanzar certos fins. A tendencia actual diríxese a tratar de converter esta disciplina nun corpo de coñecementos interdisciplinarios que traten calquera problema que se formule na empresa.

A empresa é un axente esencial da actividade económica. As empresas constitúen as células elementais de produción que integran o organismo económico a través das cales se conseguen os obxectivos macroeconómicos e, por iso, ocupan a atención dos/das economistas. É na economía contemporánea onde acha a súa plenitude, xa que a división do traballo, a especialización, o desenvolvemento do sistema monetario e a amplitude do mercado crearon o clima necesario para que se dea con precisión e características peculiares a unidade autónoma de produción, que constitúe o obxecto real da economía da empresa. Nesta materia traballáranse cuestións como a razón da existencia das empresas, as súas características, os tipos de organización e de funcionamento, e os factores que inflúen na toma de decisións.

A materia, que emprega un enfoque de presentación baseado na análise de distintas áreas e funcións da empresa, estrutúrase nos bloques seguintes: "A empresa", no que se describen os seus elementos, as súas funcións e os seus obxectivos; "Desenvolvemento da empresa", onde se fai unha análise das decisións de dimensión e localización, e das estratexias de crecemento; "Organización e dirección da empresa", no que se explica a planificación, a organización e a xestión dos recursos da empresa; "A función produtiva", para analizar os procesos produtivos e a estrutura de ingresos e custos derivada deles; "A función comercial da empresa", que repasa as principais decisións da empresa na comercialización dos seus produtos e/ou servizos; "A información na empresa", para comprender a importancia de contar con datos e información relevante e precisa na toma de decisións e no cumprimento das obrigas fiscais; e finalmente "A función financeira", onde se trata de analizar os aspectos salientables das decisións de investimento e financiamento na empresa.

A empresa ten un significado social (crea emprego), canaliza a renda e, conseguintemente, constitúe un elemento de redistribución da renda nacional. O desenvolvemento da actividade empresarial e a acción do/da empresario/a deben estar guiados pola responsabilidade social e o comportamento ético, máis alá da procura duns resultados.

A materia ha permitir o fomento dunha cultura e dun xeito de pensar empresarial, onde se exerciten e medren a creatividade e o espírito de innovación, e se incentive a elaboración

de reflexións persoais e a toma de decisións fundamentadas, así como a concepción do erro como fonte de progreso e aprendizaxe. Tamén ha contribuír ao desenvolvemento da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, de comunicación lingüística e dixital, da capacidade de aprender a aprender, e do sentido da iniciativa e o espírito emprendedor.

ii. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.-

Partindo da lexislación vixente, e en concreto do Decreto 86/2015, polo que se establece o currículo de Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, temos 7 Competencias Básicas que están intimamente ligadas aos estándares de aprendizaxe de cada unha das materias do noso Departamento. A adquisición desas sete competencias, que avaliaremos de xeito integrado cos estándares de aprendizaxe, permitirá ao alumnado resolver axeitadamente os problemas e realizar as actividades.

As Competencias Clave son:

1ª) Comunicación lingüística (CCL): A lingua é o principal elemento para poder organizar o pensamento, aprender e explicar, pois nos permite describir, narrar, argumentar, comunicarnos cos demais, adquirir un vocabulario xeral e específico de cada materia. Para adquirila precísase obter un dominio das habilidades de ler e escribir diferentes tipos de textos, nos que aumentará a complexidade de acordo coa evolución escolar do alumnado, textos fundamentais como elementos de información social, histórica e económica. Trátase de ser capaces de expoñer clara e sistematicamente as ideas, argumentando con rigor e precisión.

2ª) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT): É básica para a comprensión espazo-temporal que o alumnado deberá conseguir. Permite cuantificar e tratar a información recibida ou atopada por medio da investigación, axuda a obter conclusións. Contribúe a facilitar a transformación entre os saberes teóricos, e os saberes prácticos. En economía interprétanse escalas numéricas e gráficas, procésase información cuantitativa de táboas, listaxes, gráficos e mapas. Sendo necesario realizar distintas operacións e cálculos matemáticos.

3ª) Competencia dixital (CD): O uso e dominio das TICs é fundamental para poder desenvolvernos na sociedade da información, pois permite que nos comuniquemos, axilizar intercambios, obter información de ámbitos moi afastados, aplicar técnicas de traballo cooperativo...Pero ao tempo ten os seus problemas no caso de que non sexa aplicada de xeito correcto por parte do alumnado, dado que non estamos falando exclusivamente de que aprendan a empregalas de xeito mecánico, senón que precisan saber para que empregalas, como empregalas e sobre todo precisan ter a capacidade para procesar seleccionando a inxente información e desinformación existente.

4ª) Aprender a aprender (CAA): O alumnado que se iniciou na aprendizaxe na educación secundaria precisa continuar a súa progresión na mesma aprendizaxe e avanzar no grao de autonomía. Precisa obter ferramentas que faciliten a aprendizaxe e sobre todo precisa ser consciente do que sabe e coñece, e da capacidade ou dos problemas e necesidades que ten para avanzar no proceso.

5ª) Competencias sociais e cívicas (CSC): As Ciencias Sociais son básicas para o desenvolvemento desta competencia por diversas razóns. Facilitan as relacións entre as persoas, os pobos e os grupos sociais permitindo comprender realidades distintas. É ben coñecido o papel que as Ciencias Sociais, en particular da ciencia económica, xogaron na conformación das identidades sociais e territoriais. Este coñecemento debe ir intimamente

relacionado coa capacidade de crítica, autocrítica. O alumnado debe comprender que o futuro persoal e colectivo depende das decisións e actuacións das persoas.

6ª) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE): Esta competencia ten por obxectivo principal adquirir a capacidade para transformar as ideas en actos. Sendo quen de asumir que a actuación individual é fundamental para avanzar pero que ao vivir en sociedade todas as persoas actuamos individual e colectivamente. Nas ciencias sociais, en particular, na ciencia económica, compróbase como a evolución da humanidade depende de decisións individuais e colectivas.

7ª) Conciencia e expresións culturais (CCEC):

Co obxecto de poder ponderar o peso que ten cada unha das sete competencias clave precisamos elaborar o perfil de competencias da materia:

	2º Bacharelato
	61 ESTÁNDARES
CCL	10 (16,39%)
CMCCT	50 (81,97%)
CD	29 (47,54%)
CAA	14 (22,95%)
CSC	15 (24,59%)
CSIEE	27 (44,26%)
CCEC	---

Esta materia é básica para adquirir a competencia social e cívica dada a importancia que ten na formación da cidadanía o coñecemento dos procesos de decisión das empresas e a importancia do compromiso do ser humano para mellorar a sociedade. Xunto con esta destacan a competencia en comunicación lingüística e aprender a aprender dado que ademais de aspectos xerais relacionados coas mesmas e que deberon ser adquiridos na ESO agora debemos incorporar un vocabulario propio dunha materia tan ampla e técnicas de traballo novas que deben ser interiorizadas polo alumnado

PERFIL COMPETENCIAL DE ESTÁNDARES PRIORITARIOS

Competencia Clave:		Aprender a aprender	
Nivel	Área	Estándares	
4º	EC	4º-ECB1.1.2 - Distingue formas de analizar e resolver problemas económicos, e identifica as súas vantaxes, os seus inconvenientes e as súas limitacións.	

COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER

PROCESO	ESTÁNDARES PRIORITARIOS	RÚBRICA DO NIVEL DE LOGRO			
		3	2	1	0
Organizar o propio proceso de aprendizaxe en grupo (traballo cooperativo) ou individualmente					
Adquirir, procesar e asimilar novos coñecementos e capacidades.					
Buscar orientacións e facer uso delas					
Apoiarse en experiencias vitais e aprendizaxes anteriores e aplicarlos en situacións novas					
Ter motivación e confianza nas propias posibilidades.					

COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

ESTÁNDARES PRIORITARIOS	NIVEL DE LOGRO
-------------------------	----------------

PROCESO	Expresión oral códigos estándares	Expresión escrita códigos estándares	oral e escrito	
			ORAL	ESCRITO
Planificar			ORAL	
			ESCRITO	
Crear un texto coherente	[4º-ECB3.4.1] ,	[4º-ECB3.4.1] ,	ORAL	2.-Expón as ideas principais dun xeito bastante coherente.
			ESCRITO	2.- Existe un erro puntual na estrutura textual ou na progresión da información ou na correcta organización en parágrafos
Cohesionar ideas	[4º-ECB3.4.1] ,	[4º-ECB3.4.1] ,	ORAL	2.-Expón as ideas principais dun xeito bastante cohesionado aportando detalles relevantes do tema.
			ESCRITO	2.-Existe un máximo de seis erros en total no uso dos conectores (sinónimos, marcadores do discurso, pronomes conxuncións, ...) e nos signos de puntuación
Adecuarse ó contexto	[4º-ECB3.4.1] ,	[4º-ECB3.4.1] ,	ORAL	2.-Trata a maioría dos puntos esixidos, case todo o contido é pertinente, comete defectos leves no rexistro
			ESCRITO	2.- Trata a maioría dos puntos esixidos, case todo o contido é adecuado, comete defectos leves no rexistro.
Presentación	X	[4º-ECB3.4.1] ,	ESCRITO	.2.- Destaca os títulos das partes principais, apoia con gráficos pero non con estadísticas relevantes.
Fluidez e interacción oral	[4º-ECB3.4.1] ,	X	ORAL	2.- Fala con claridade, pero non sempre se lle escoita ben. Pronuncia e modula en xeral ben. Mantén unha expresión corporal bastante axeitada.
Revisión dos textos			ORAL	
			ESCRITO	

Competencia Clave:	Sociais e cívicas		
Nivel	Área	Estándares	
4º	EC	4º-ECB1.3.2 - Aplica razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas do seu contorno.	

iii. Concreción dos obxectivos para o curso.-

O Bacharelato contribúe a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes, e en particular a violencia contra a muller e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar solvente e responsablemente as tecnoloxías da información e comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellora da súa contorna social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de

creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social e impulsar condutas e hábitos saudables.

n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

o) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia e contribuír a súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

iv. Concreción para cada estándar de aprendizaxe.-

Temporalización

Grao mínimo de consecución para superar a materia

Procedementos e instrumentos de avaliación

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización			Grao mínimo de consecución para superar a materia
		1ºT	2ºT	3ºT	
B1.1	EEB1.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relacións coas esixencias de capital e coas responsabilidades para cada tipo.	X			Distingue sociedades mercantís e non mercantís e sociedades capitalistas ou personalistas.
	EEB1.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresa máis apropiadas en cada caso en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas.	X			Distingue diferentes formas xurídicas (cooperativa, SA e SRL) en función do volume de capital requirido para a súa constitución e da responsabilidade dos socios.
	EEB1.1.3. Analiza, para un determinado caso práctico, os criterios de clasificación de empresas: segundo a natureza da actividade que desenvolven, a súa dimensión, o nivel tecnolóxico que alcanzan, o tipo de mercado en que operan, a fórmula xurídica que adoptan, e o seu carácter	X			Propón a forma xurídica máis apropiada (cooperativa, SA e SRL) en función da actividade ou nivel tecnolóxico.

	público ou privado.				
	EEB1.1.4. Describe os elementos da empresa en relación coas funcións que desenvolven e os obxectivos que procuran dentro do sistema.	X			Identifica os elementos da empresa eo relaciona coas funcións da empresa.
B1.2	EEB1.2.1. Identifica os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu contorno, así como a forma de relacionar co seu contorno máis próximo.	X			Pon exemplos de empresas da zona, identificando a súa forma xurídica, nomeadamente cooperativas de produción vitivinícola.
	EEB1.2.2. Analiza a relación entre empresa, sociedade e ambiente, e valora os efectos positivos e negativos das actuacións das empresas nas esferas social e ambiental.	X			Identifica o concepto de externalidades da produción.
	EEB1.2.3. Analiza a actividade das empresas como elemento dinamizador de progreso, estimando a súa creación de valor para a sociedade e para a cidadanía.	X			Explica mediante un exemplo, preferentemente do sector vitivinícola, a creación de valor das empresas.
B2.1	EEB2.1.1. Describe e analiza os factores que determinan a localización e a dimensión dunha empresa, e valora a transcendencia futura para a empresa desas decisións.	X			Identifica a decisión de localización como unha decisión estratéxica da empresa.
	EEB2.1.2. Valora o crecemento da empresa como estratexia competitiva e relaciona as economías de escala coa dimensión óptima da empresa.	X			Define o concepto de "economías de escala".
	EEB2.1.3. Identifica e explica as estratexias de especialización e diversificación.	X			Define o concepto de especialización. Define o concepto de diversificación.
	EEB2.1.4. Analiza as estratexias de crecemento interno e externo a partir de supostos concretos.	X			Diferencia os conceptos de crecemento interno e crecemento externo.

	EEB2.1.5. Examina o papel das pequenas e das medianas empresas no noso país, e valora as súas estratexias e as súas formas de actuar, así como as súas vantaxes e os seus inconvenientes.	X			Coñece a importancia relativa das PEME na nosa estrutura empresarial.
	EEB2.1.6. Describe as características e as estratexias de desenvolvemento da empresa multinacional, e valora a importancia da responsabilidade social e ambiental.	X			Define os conceptos de “externalidade” e “responsabilidade social corporativa” e os relaciona co crecemento empresarial.
	EEB2.1.7. Estuda o impacto da incorporación da innovación e das novas tecnoloxías na estratexia da empresa, e relaciónao coa capacidade para competir de xeito global.	X			Identifica a relación entre as novas tecnoloxías e a competitividade das empresas
B3.1	EEB3.1.1. Reflexiona sobre a división técnica do traballo nun contexto global de interdependencia económica para valorar as súas consecuencias sociais.			X	Define o concepto de división do traballo.
	EEB3.1.2. Describe a estrutura organizativa, o estilo de dirección, as canles de información e de comunicación, o grao de participación na toma de decisións e a organización informal da empresa.			X	Identifica un organigrama. Identifica diferentes estilos de dirección.
	EEB3.1.3. Identifica a función de cada área de actividade da empresa (aprovisionamento, produción e comercialización, investimento e financiamento, recursos humanos e administrativa), así como as súas interrelacións.			X	Identifica as áreas funcionais de actividade da empresa.
	EEB3.1.4. Investiga sobre a organización nas empresas do seu ámbito máis próximo e			X	Coñece diversas empresas do contorno e aporta información delas.

	identifica vantaxes e inconvenientes, detecta problemas para solucionar, e describe propostas de mellora.				
	EEB3.1.5. Aplica os seus coñecementos a unha organización concreta, para detectar problemas e propor melloras.			X	Propón solucións concretas a problemas das empresas.
	EEB3.1.6. Valora a importancia dos recursos humanos nunha empresa e analiza diferentes maneiras de abordar a súa xestión e a súa relación coa motivación e a produtividade.			X	Define os conceptos de “motivación” e de “produtividade”. Define o concepto de “xestión de recursos humanos”. Coñece a pirámide de Maslow, a teoría dos factores de Herzberg e a teoría X-Y de McGregor.
B4.1	EEB4.1.1. Realiza cálculos da produtividade de distintos factores e interpreta os resultados obtidos, coñecendo medios e alternativas de mellora da produtividade nunha empresa.	X			Calcula produtividades dun factor. Calcula produtividades globais. Identifica ferramentas de mellora da produtividade.
	EEB4.1.2. Analiza e valora a relación entre a produtividade e os salarios dos/das traballadores/as.	X			Calcula produtividades do factor traballo. Mide diferencias entre produtividades do factor traballo de diferentes empresas.
	EEB4.1.3. Reflexiona sobre a importancia para a sociedade e para a empresa da investigación e da innovación tecnolóxica en relación coa competitividade e o crecemento.	X			Define o concepto de I + D + i
B4.2	EEB4.2.1. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda xerados ao longo do exercicio económico, aplicando razoamentos matemáticos, e	X			Define o concepto de “beneficio”. Calcula beneficios de empresas en diferentes supostos.

	interpreta os resultados.				
	EEB4.2.2. Identifica e calcula os tipos de custos, ingresos e beneficios dunha empresa, e represéntaos graficamente.	X			Identifica os distintos tipos de custos dunha empresa e os representa nunha gráfica.
	EEB4.2.3. Calcula o limiar de vendas (de rendibilidade) necesario para a supervivencia da empresa.	X	X		Calcula o limiar de rendibilidade. Representao graficamente.
	EEB4.2.4. Analiza os métodos custo beneficio e custo eficacia como instrumentos de medida e avaliación que axudan á toma de decisións.	X	X		Coñece o método “custo-beneficio” e o método “custo-eficacia”
B4.3	EEB4.3.1. Identifica os custos que xera o almacén e resolve casos prácticos sobre o ciclo de inventario.			X	Identifica os ditintos tipos de custo do inventario.
	EEB4.3.2. Valora as existencias en almacén mediante diferentes métodos.			X	Valora as existencias segundo os métodos FIFO e PMP.
	EEB4.3.3. Valora a relación entre o control de inventarios e a produtividade e a eficiencia nunha empresa.			X	Relaciona a xestión do almacén coa produtividade e eficiencia.
B5.1	EEB5.1.1. Caracteriza un mercado en función de diferentes variables como, por exemplo, o número de competidores e o produto vendido.			X	Identifica mercados de comptencia perfecta e mercados de competencia imperfecta.
	EEB5.1.2. Identifica e adapta a cada caso concreto as estratexias e os enfoques de márketing.			X	Define o concepto de “marketing”.

	EEB5.1.3. Interpreta e valora estratexias de márketing, incorporando nesa valoración consideracións de carácter ético, social e ambiental.		X		Define as catro Ps do márketing. Relaciona o márketing coa ética empresarial..
	EEB5.1.4. Comprende e explica as fases e as etapas da investigación de mercados.		X		Identifica as distintas fases da investigación de mercados.
	EEB5.1.5. Aplica criterios e estratexias de segmentación de mercados en casos prácticos.		X		Coñece criterios de segmentación de mercados.
	EEB5.1.6. Analiza e valora as oportunidades de innovación e transformación do márketing que xorden co desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación.		X		Relaciona as tecnoloxías da innovación e da comunicación co márketing.
	EEB5.1.7. Describe a organización e o funcionamento do departamento comercial da empresa.		X		Describe as funcións do departamento comercial da empresa.
	EEB5.1.8. Determina as necesidades da clientela en relación coas características dos produtos ou dos servizos ofrecidos pola empresa.		X		Coñece o proceso de toma de decisións das persoas e os factores que inflúen na súa toma de decisións de consumo.
B6.1	EEB6.1.1. Recoñece os elementos patrimoniais e a función que teñen asignada.		X	X	Define o concepto de "patrimonio" Identifica os elementos patrimoniais dunha empresa.
	EEB6.1.2. Identifica, valora e clasifica os bens, os dereitos e as obrigas da empresa en masas patrimoniais.		X	X	Identifica os elementos patrimoniais dunha empresa.
	EEB6.1.3. Interpreta a correspondencia entre os investimentos e o seu financiamento.			X	Relaciona a estrutura económica da empresa coa estrutura financeira.
	EEB6.1.4. Detecta posibles			X	Calcula ratios en base ao

	desaxustes no equilibrio patrimonial, na solvencia e no aparcamento da empresa, mediante a utilización de rateos.				balance da empresa e diagnóstica a situación de equilibrio ou desequilibrio desa empresa.
	EEB6.1.5. Propón medidas correctoras axeitadas en caso de se detectar desaxustes patrimoniais ou financeiros.			X	Identifica desaxustes patrimoniais ou financeiros por medio do Balance da empresa e propón posibles solucións.
	EEB6.1.6. Recoñece a importancia do dominio das operacións matemáticas e dos procedementos propios das ciencias sociais como ferramentas que facilitan a solución de problemas empresariais.			X	Relaciona a importancia das matemáticas na práctica empresarial.
	EEB6.1.7. Recoñece a conveniencia do equilibrio económico, patrimonial e financeiro da empresa.			X	En base ao análise do balance, recoñece e valora o equilibrio da empresa.
	EEB6.1.8. Valora a importancia da información na toma de decisións.			X	Utiliza diferentes fontes de información.
	EEB6.1.9. Calcula o resultado do exercicio económico da empresa, empregando os criterios de imputación aplicables.			X	Define o concepto de "beneficio".
	EEB6.1.10. Identifica, interpreta e clasifica os elementos do resultado da empresa.			X	Constrúe a conta de "perdas e ganancias".
B6.2	EEB6.2.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa organización e a actividade que desenvolvan.		X	X	Define o concepto de "tributo". Identifica os diferentes tributos.
	EEB6.2.2. Describe o funcionamento básico dos impostos que recaen sobre as empresas e destaca as principais diferenzas entre eles.		X	X	Define os conceptos de IRPF, IS e IVE. Identifica en cada caso o suxeito pasivo, o feito imponible, a base imponible, o tipo impositivo e a cota

					tributaria.
	EEB6.2.3. Valora a achega que supón para a riqueza nacional a carga impositiva que soportan as empresas.			X	Valora a importancia da recadación tributaria por medio do imposto de sociedades.
B7.1	EEB7.1.1. Coñece e enumera os métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos (criterio do valor actual neto) para seleccionar e valorar investimentos.			X	Define o concepto de "investimento". Coñece a existencia de diferentes métodos para valorar e seleccionar posibles investimentos.
	EEB7.1.2. Aplica métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos (valor actual neto), nun suposto concreto de selección de alternativas de investimento para unha empresa.			X	Coñece e utiliza os métodos de "Pay back", "VAN" e "TIR" como instrumentos para a toma de decisións sobre investimentos.
	EEB7.1.3. Explica as posibilidades de financiamento das empresas diferenciando o externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada un e as implicacións na marcha da empresa.			X	Identifica diferentes vías de financiamento das empresas.
	EEB7.1.4. Analiza, nun suposto concreto de financiamento externo, as opcións posibles, os seus custos e as variantes de amortización.			X	Diante dun suposto concreto, propón diferentes alternativas de financiamento.
	EEB7.1.5. Analiza e avalía, a partir dunha necesidade concreta, as posibilidades que teñen as empresas de recorrer ao mercado financeiro.			X	Diante dun suposto concreto, propón diferentes alternativas de financiamento, do mercado financeiro.
	EEB7.1.6. Valora as fontes externas e internas de financiamento da empresa.			X	Relaciona o financiamento externo e interno co equilibrio económico-financeiro da empresa.
	EEB7.1.7. Analiza e expresa as opcións financeiras que mellor se adaptan a un caso concreto			X	Diante dun suposto concreto, propón diferentes alternativas de financiamento.

	de necesidade financeira.				
	EEB7.1.8. Aplica os coñecementos tecnolóxicos á análise e á resolución de supostos.			X	Utiliza simuladores para calcular o custo das diferentes opcións de financiamento.
	EEB7.1.9. Identifica e describe os ciclos da actividade da empresa e as súas fases.			X	Identifica o ciclo de explotación.
	EEB7.1.10. Calcula, para un determinado suposto práctico, os períodos de maduración da empresa, e distingue as súas fases.			X	Calcula o período de maduración dunha empresa hipotética.

v. Concrecións metodolóxicas que require a materia.-

Seguiranse as instrucións da Comisión interuniversitaria de Galicia (CiUG) en relación con esta materia, de cara á preparación do alumnado para a superación da proba de avaliación do bacharelato para o acceso á universidade.

Exposición do tema por parte do profesor, con apoio da pantalla dixital para a visualización das correspondentes diapositivas da presentación.

Realización dos exercicios correspondentes a cada tema. O profesor resolverá un exercicio modelo de cada grupo de exercicios posibles e fará entrega de boletíns de exercicios ou colgarase na aula virtual do centro para a súa resolución individual por parte dos alumnos, para a súa posterior corrección en clase.

Teranse en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e as súas características individuais e/ou estilos de aprendizaxe, co fin de conseguir que todo o alumnado acade o máximo desenvolvemento das súas capacidades.

Favorecerase a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e promover o traballo en equipo e para aplicar métodos de investigación apropiados.

Favorecerase o traballo individual e en grupo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación, así como a transferencia e aplicación do aprendido.

Utilizaranse as tecnoloxías da información e da comunicación como ferramenta necesaria

para a aprendizaxe, tanto polo seu carácter imprescindible na educación superior, como pola súa utilidade e relevancia para a vida cotidiá e a inserción laboral.

Procurarase que o alumnado adquira un manexo adecuado da información nos diferentes soportes utilizando distintas fontes, incluída a biblioteca escolar.

De acordo co establecido no proxecto lingüístico do centro impartirase a materia en lingua galega.

v.b No caso de ter que realizar as actividades de ensino-aprendizaxe de forma telemática como consecuencia da situación creada polo covid19,

utilizaremos os recursos didácticos que figuran a continuación :

- **Aula virtual, onde se subirán os contidos teóricos e prácticos que deberá devolver resoltos o alumnado; así como a comunicación do profesor co alumnado e viceversa, mediante o foro da mesma aula virtual do centro.**
- **Plataforma institucional CiscoWebex, para realizar as explicacións do profesor por videoconferencia directa co alumnado e interaccionar como nunha clase presencial.**

vi. Materiais e recursos didácticos.-

Pantalla dixital.

Ordenador portátil de aula.

Apuntes confeccionados polo grupo de traballo de economía da empresa e actualizados polo profesor, que serán distribuídos por medio do correo electrónico e/ou da aula virtual do instituto.

Boletín de exercicios para cada tipo deles posible, cos problemas propostos pola Comisión interuniversitaria de Galicia (CiUG) nas convocatorias anteriores.

En caso de necesidade de ensino a distancia:

Aula virtual do centro e Plataforma CiscoWebex

vii. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado.-

As cualificacións do alumnado relaciónanse cos criterios de avaliación e cos estándares de aprendizaxe do seguinte xeito, por avaliacións (a puntuación corresponde coa proposta pola CIUG, de tal xeito que en cada unha das probas escritas aparecerán catro por cada unha delas, cunha valoración de 1,25. É posible que fiquen estándares sen avaliar, pero non sen aprender. Isto é debido a contradición metodolóxica que se da neste curso, xa que está mediatizado por un exame externo. Nos exercicios prácticos (2,5 cada un) a valoración dos estándares implicados é variable.

Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe	Cualificación
1º trimestre	
EEB1.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónaas coas esixencias de capital e coas responsabilidades para cada tipo.	1,25
EEB1.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresa máis apropiadas en cada caso en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas.	1,25
EEB1.1.3. Analiza, para un determinado caso práctico, os criterios de clasificación de empresas: segundo a natureza da actividade que desenvolven, a súa dimensión, o nivel tecnolóxico que alcanzan, o tipo de mercado en que operan, a fórmula xurídica que adoptan, e o seu carácter público ou privado.	1,25
EEB1.1.4. Describe os elementos da empresa en relación coas funcións que desenvolven e os obxectivos que procuran dentro do sistema.	1,25
EEB1.2.1. Identifica os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu contorno, así como a forma de relacionar co seu contorno máis próximo.	1,25
EEB1.2.2. Analiza a relación entre empresa, sociedade e ambiente, e valora os efectos positivos e negativos das actuacións das empresas nas esferas social e ambiental.	1,25
EEB1.2.3. Analiza a actividade das empresas como elemento dinamizador de progreso, estimando a súa creación de valor para a sociedade e para a cidadanía.	1,25
EEB2.1.1. Describe e analiza os factores que determinan a localización e a dimensión dunha empresa, e valora a transcendencia futura para a empresa desas decisións.	1,25
EEB2.1.2. Valora o crecemento da empresa como estratexia competitiva e relaciona as economías de escala coa dimensión óptima da empresa.	1,25
EEB2.1.3. Identifica e explica as estratexias de especialización e diversificación.	1,25
EEB2.1.4. Analiza as estratexias de crecemento interno e externo a partir de supostos concretos.	1,25
EEB2.1.5. Examina o papel das pequenas e das medianas empresas no noso país, e valora as súas estratexias e as súas formas de actuar, así como as súas vantaxes e os seus inconvenientes.	1,25
EEB2.1.6. Describe as características e as estratexias de desenvolvemento da empresa multinacional, e valora a importancia da responsabilidade social e ambiental.	1,25

EEB2.1.7. Estuda o impacto da incorporación da innovación e das novas tecnoloxías na estratexia da empresa, e relación coa capacidade para competir de xeito global.	1,25
EEB3.1.1. Reflexiona sobre a división técnica do traballo nun contexto global de interdependencia económica para valorar as súas consecuencias sociais.	1,5
EEB3.1.2. Describe a estrutura organizativa, o estilo de dirección, as canles de información e de comunicación, o grao de participación na toma de decisións e a organización informal da empresa.	1,5
EEB3.1.3. Identifica a función de cada área de actividade da empresa (aprovisionamento, produción e comercialización, investimento e financiamento, recursos humanos e administrativa), así como as súas interrelacións.	1,5
EEB3.1.4. Investiga sobre a organización nas empresas do seu ámbito máis próximo e identifica vantaxes e inconvenientes, detecta problemas para solucionar, e describe propostas de mellora.	1,5
EEB3.1.5. Aplica os seus coñecementos a unha organización concreta, para detectar problemas e propor melloras.1,25	1,25
EEB3.1.6. Valora a importancia dos recursos humanos nunha empresa e analiza diferentes maneiras de abordar a súa xestión e a súa relación coa motivación e a produtividade.	1,25
1,25	
EEB4.1.1. Realiza cálculos da produtividade de distintos factores e interpreta os resultados obtidos, coñecendo medios e alternativas de mellora da produtividade nunha empresa.	1,25
EEB4.1.2. Analiza e valora a relación entre a produtividade e os salarios dos/das traballadores/as.	1,25
EEB4.1.3. Reflexiona sobre a importancia para a sociedade e para a empresa da investigación e da innovación tecnolóxica en relación coa competitividade e o crecemento.	1,25
EEB4.2.1. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda xerados ao longo do exercicio económico, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados.	1,25
EEB4.2.2. Identifica e calcula os tipos de custos, ingresos e beneficios dunha empresa, e represéntaos graficamente.	1,25
EEB4.2.3. Calcula o limiar de vendas (de rendibilidade) necesario para a supervivencia da empresa.	1,25
EEB4.2.4. Analiza os métodos custo beneficio e custo eficacia como instrumentos de medida e avaliación que axudan á toma de decisións.	1,25
EEB4.3.1. Identifica os custos que xera o almacén e resolve casos prácticos sobre o ciclo de inventario.	1,25
EEB4.3.2. Valora as existencias en almacén mediante diferentes métodos.	1,25
EEB4.3.3. Valora a relación entre o control de inventarios e a produtividade e a eficiencia nunha	1,25

empresa.	
EEB5.1.1. Caracteriza un mercado en función de diferentes variables como, por exemplo, o número de competidores e o produto vendido.	1,25
EEB5.1.2. Identifica e adapta a cada caso concreto as estratexias e os enfoques de márketing.	1,25
EEB5.1.3. Interpreta e valora estratexias de márketing, incorporando nesa valoración consideracións de carácter ético, social e ambiental.	1,25
EEB5.1.4. Comprende e explica as fases e as etapas da investigación de mercados.	1,25
EEB5.1.5. Aplica criterios e estratexias de segmentación de mercados en casos prácticos.	1,25
EEB5.1.6. Analiza e valora as oportunidades de innovación e transformación do márketing que xorden co desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación.	1,25
EEB5.1.7. Describe a organización e o funcionamento do departamento comercial da empresa.	1,25
EEB5.1.8. Determina as necesidades da clientela en relación coas características dos produtos ou dos servizos ofrecidos pola empresa.	1,25

3º trimestre

EEB6.1.3. Interpreta a correspondencia entre os investimentos e o seu financiamento.

EEB6.1.1. Recoñece os elementos patrimoniais e a función que teñen asignada.

EEB6.1.2. Identifica, valora e clasifica os bens, os dereitos e as obrigas da empresa en masas patrimoniais.

EEB6.1.4. Detecta posibles desaxustes no equilibrio patrimonial, na solvencia e no aparcamento da empresa, mediante a utilización de rateos.

EEB6.1.5. Propón medidas correctoras axeitadas en caso de se detectar desaxustes patrimoniais ou financeiros.

EEB6.1.6. Recoñece a importancia do dominio das operacións matemáticas e dos procedementos propios das ciencias sociais como ferramentas que facilitan a solución de problemas empresariais.

EEB6.1.7. Recoñece a conveniencia do equilibrio económico, patrimonial e financeiro da empresa.

EEB6.1.8. Valora a importancia da información na toma de decisións.

EEB6.1.9. Calcula o resultado do exercicio económico da empresa, empregando os criterios de imputación aplicables.

EEB6.1.10. Identifica, interpreta e clasifica os elementos do resultado da empresa.

EEB6.2.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa organización e a actividade que desenvolvan.

EEB6.2.2. Describe o funcionamento básico dos impostos que recaen sobre as empresas e destaca as principais diferenzas entre eles.

EEB6.2.3. Valora a achega que supón para a riqueza nacional a carga impositiva que soportan as empresas.

EEB7.1.1. Coñece e enumera os métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos (criterio do valor actual neto) para seleccionar e valorar investimentos.

EEB7.1.2. Aplica métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos (valor actual neto), nun suposto concreto de selección de alternativas de investimento para unha empresa.

EEB7.1.3. Explica as posibilidades de financiamento das empresas diferenciando o externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada un e as implicacións na marcha da empresa.

EEB7.1.4. Analiza, nun suposto concreto de financiamento externo, as opcións posibles, os seus custos e as variantes de amortización.

EEB7.1.5. Analiza e avalía, a partir dunha necesidade concreta, as posibilidades que teñen as empresas de recorrer ao mercado financeiro.

EEB7.1.6. Valora as fontes externas e internas de financiamento da empresa.

EEB7.1.7. Analiza e expresa as opcións financeiras que mellor se adaptan a un caso concreto de necesidade financeira.

EEB7.1.8. Aplica os coñecementos tecnolóxicos á análise e á resolución de supostos.

EEB7.1.9. Identifica e describe os ciclos da actividade da empresa e as súas fases.

EEB7.1.10. Calcula, para un determinado suposto práctico, os períodos de maduración da empresa, e distingue as súas fases.

A mesma valoración para os estándares do 3º trimestre.

Se cualificará por exames escritos de formato ABAU. Para acadar cualificación positiva, en cada unha das probas, haberá que chegar a un mínimo de dous puntos na teoría e dous na práctica para poder facer a suma de ambas. Cada unha das partes se valora con 5 puntos. Haberá dous exames por avaliación, o segundo deles incluírá a recuperación do primeiro. O traballo de resolución de exercicios e cuestións teóricas valorarase cun máximo de 0,70 puntos. Para que se poida facer media, pídese un mínimo de 3 puntos en cada unha das probas escritas. Esta fórmula de cualificación está motivada pola existencia da proba ABAU ao final de curso.

A cualificación final será a media das tres avaliacións, de acordo coa seguinte fórmula:

$$C1^{\text{aval.}} \cdot 3/10 + C2^{\text{aval.}} \cdot 3/10 + C3^{\text{aval.}} \cdot 4/10$$

Sendo “C1^{aval.}”, “C2^{aval.}”, e “C3^{aval.}” as cualificacións obtidas respectivamente na primeira, segunda e terceira avaliacións.

vii.b No caso de necesidade de ensino a distancia se revisarán os estándares de aprendizaxe, en función do tempo de non presencialidade, como se fixo no curso 2019-20, o cal levará a unha modificación nos criterios de cualificación en función da situación concreta que se chegue a dar.

viii. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.-

INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO:

INDICADORES	Escala		
	1	2	3
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.			
Consegiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.			
Consegiuse motivar para lograr a actividade do alumnado.			
Consegiuse a participación activa do alumnado.			
Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.			
Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.			
Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.			
Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.			
Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.			
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.			
Dase un peso real á observación do traballo na aula.			
Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro da aula.			

INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE:

INDICADORES	Escala		
	1	2	3
Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado.			
Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individuais que precisa			
Elabóranse as actividades atendendo á diversidade.			
Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.			
Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.			
Combínase traballo individual e en equipo.			
Poténcianse estratexias de animación á lectura.			
Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.			
Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe.			
Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.			
Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas/traballos, etc.			

ix. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.-

O alumnado que non supere a materia nas convocatorias ordinaria ou extraordinaria, deberá cursala de novo como repetidor, dado que se trata do último curso do bacharelato.

x. Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos en determinadas materias.-

O alumnado accede á materia, tras ter cursado “economía” en 1º de bacharelato.

xi. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuenziados seus resultados.-

O primeiro día de clase o profesor proporcionará un test de coñecementos relacionados cos contidos impartidos na materia de economía en 1º de bacharelato, que figura como ANEXO I a esta programación.

De resultados desta avaliación adoptaranse as medidas necesarias, en función dos seus resultados, e se recollerán na memoria de final de curso. Estas medidas estarán en relación co apartado seguinte.

xii. Medidas de atención á diversidade.-

As medidas de atención á diversidade nesta etapa estarán orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado e á consecución dos obxectivos do bacharelato.

Non poderán, en ningún caso, supoñer unha discriminación que lles impida alcanzar os devanditos obxectivos e a titulación correspondente.

Teranse en conta as dificultades específicas das rapazas que por razón de xénero e pertenza a determinados colectivos teñan dificultades especiais para rematar a etapa.

En canto se detecten dificultades de aprendizaxe, adoptaranse as medidas de atención á diversidade que se consideren máis convenientes ás características do alumnado.

Na avaliación inicial procurarase detectar se algún alumno presenta niveis formativos inferiores ao resto dos seus compañeiros e compañeiras, que poidan materializarse en dificultades na súa capacidade de expresión tanto oral como escrita, ou con dificultades para o cálculo matemático.

Nestes casos adoptaranse medidas de reforzo educativo:

- Exercicios que poden consistir en comentarios sobre artigos de prensa conectado coa unidade didáctica a estudar; unhas veces de forma oral e outras por escrito. Polo tanto, trátase tamén de fomentar lectura e expresión escrita.
- Cambio na metodoloxía, buscando exemplos moito máis sinxelos que os utilizados cos demais alumnos.

- Actividades que faciliten a integración como poden ser os debates en grupo ou a elaboración de traballos, tamén en grupo.
- Inducir a participación destes alumnos na clase fomentando a súa autoestima e dándolle seguridade e confianza.

xiii. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso.-

EDUCACIÓN EN VALORES: Incidirase especialmente naqueles aspectos relacionados co mundo empresarial e das relacións laborais:

- Non discriminación nas relacións laborais, de acordo co previsto na lexislación laboral

Estatuto dos Traballadores, Artigo 4. Dereitos laborais: Na relación de traballo, os traballadores teñen dereito: “A non ser discriminados directa ou indirectamente para o emprego, ou unha vez empregados, por razóns de sexo, estado civil, idade dentro dos límites marcados por esta Lei, orixe racial ou étnico, condición social, relixión ou conviccións, ideas políticas, orientación sexual, afiliación ou non a un sindicato, así como por razón de lingua, dentro do Estado español.

Tampouco poderán ser discriminados por razón de discapacidade, sempre que se atopen en condicións de aptitude para desempeñar o traballo ou emprego de que se trate”.

- Respecto polo medio ambiente e polo desenvolvemento sostible.
- Utilización do diálogo como medio de solución das diferenzas de opinión ou de intereses no seo das organizacións.
- Respecto polas aportacións doutras persoas.

CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR:

- Lectura comprensiva da normativa específica, en particular do Estatuto dos Traballadores.
- Lectura comprensiva da normativa sectorial.
- Lectura de textos económicos.

CONTRIBUCIÓN AO PLAN T.I.C.: Busca guiada de información a través da rede.

CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

- Utilización do diálogo como medio de solución das diferenzas de opinión ou das

diferenzas de intereses no seo das organizacións.

- Respecto polas achegas doutras persoas.

xiv. Actividades complementarias e extraescolares.-

Colaborarase coas actividades organizadas conxuntamente polo equipo docente ou por outros departamentos, de ser necesario, e sempre que non afecte ao desenvolvemento das propias actividades lectivas noutros grupos.

xv. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.-

Regularmente rexistrarase o desenvolvemento da programación no libro de actas do Departamento.

No caso de producirse desaxustes que fagan prever que non se cumprirá o previsto no apartado III desta programación, respecto da temporalización, analizaranse as causas e proporase á Xefatura de Estudos unha planificación correctora, deixándose constancia da mesma no libro de actas do Departamento.

Coincidindo coas avaliacións trimestrais, analizaranse os resultados de forma porcentual, e no caso de desaxustes importantes cos resultados das outras materias analizaranse as causas e proporase á Xefatura de Estudos unha planificación correctora, deixándose constancia da mesma no libro de actas do Departamento.

No mes de maio pasarase unha enquisa de satisfacción ao alumnado, de acordo co modelo recollido no ANEXO VI

ANEXO I
TEST DE COÑECEMENTOS PREVIOS

Apelidos e Nome:..... **Data:**

1. Que é para ti unha empresa?

2. Que é para ti o risco do empresario?

3. Cal é para ti o principal obxectivo dunha empresa?

4. Se tiveses que facer unha clasificación das empresas, como a farías?

5. Que entendes por umbral de rendibilidade?

6. Que significa P.I.B.?

ANEXO II

MODELO DE PROBA DE AVALIACIÓN

Apelidos e Nome:..... **Data:**

Nas cuestións que se presentan figura entre parénteses o ano no que se plantexaron nas PAAU.

Responder brevemente ás seguintes preguntas (1.5 punto cada unha):

1. Cales son os principais trazos que definen ao empresario segundo as visións de Knight e Schumpeter? (2014).
2. Que se entende por creación de valor? Ilustra a resposta cun exemplo (2005).
3. Que é un oligopolio? Pon un exemplo de mercado oligopolista (2015).
4. Explica brevemente a influencia do poder de negociación dos clientes como forza competitiva que actúa no sector en que compite a empresa (2013).

Responder brevemente ás seguintes preguntas (1.5 puntos cada unha):

9. Cales son as principais áreas funcionais ou de actividade dunha empresa? (2014).
10. Cita os principais ámbitos da responsabilidade social da empresa (2010).
11. Menciona tres das posibles formas xurídicas que pode adoptar unha sociedade mercantil. (2016).
12. Menciona tres (3) características básicas dunha cooperativa? (2009, adaptado).

ANEXO III

REGISTRO DE CAPACIDADES ADQUIRIDAS. 1ª AVALIACIÓN

Alumno: Grupo:

Estándares de aprendizaxe	Grao de consecución			
	1	2	3	4
EEB1.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relacións coas esixencias de capital e coas responsabilidades para cada tipo.				
EEB1.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresa máis apropiadas en cada caso en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas.				
EEB1.1.3. Analiza, para un determinado caso práctico, os criterios de clasificación de empresas: segundo a natureza da actividade que desenvolven, a súa dimensión, o nivel tecnolóxico que alcanzan, o tipo de mercado en que operan, a fórmula xurídica que adoptan, e o seu carácter público ou privado.				
EEB1.1.4. Describe os elementos da empresa en relación coas funcións que desenvolven e os obxectivos que procuran dentro do sistema.				
EEB1.2.1. Identifica os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu contorno, así como a forma de relacionar co seu contorno máis próximo.				
EEB1.2.2. Analiza a relación entre empresa, sociedade e ambiente, e valora os efectos positivos e negativos das actuacións das empresas nas esferas social e ambiental.				
EEB1.2.3. Analiza a actividade das empresas como elemento dinamizador de progreso, estimando a súa creación de valor para a sociedade e para a cidadanía.				
EEB2.1.1. Describe e analiza os factores que determinan a localización e a dimensión dunha empresa, e valora a transcendencia futura para a empresa desas decisións.				
EEB2.1.2. Valora o crecemento da empresa como estratexia competitiva e relaciona as economías de escala coa dimensión óptima da empresa.				
EEB2.1.3. Identifica e explica as estratexias de especialización e diversificación.				
EEB2.1.4. Analiza as estratexias de crecemento interno e externo a partir de supostos concretos.				
EEB2.1.5. Examina o papel das pequenas e das medianas empresas no noso país, e valora as súas estratexias e as súas formas de actuar, así como as súas vantaxes e os seus inconvenientes.				
EEB2.1.6. Describe as características e as estratexias de desenvolvemento da empresa multinacional, e valora a importancia da responsabilidade social e ambiental.				
EEB2.1.7. Estuda o impacto da incorporación da innovación e das novas tecnoloxías na estratexia da empresa, e relaciónao coa capacidade para competir de xeito global.				
EEB3.1.1. Reflexiona sobre a división técnica do traballo nun contexto global de interdependencia económica para valorar as súas consecuencias sociais.				

EEB3.1.2. Describe a estrutura organizativa, o estilo de dirección, as canles de información e de comunicación, o grao de participación na toma de decisións e a organización informal da empresa.				
EEB3.1.3. Identifica a función de cada área de actividade da empresa (aprovisionamento, produción e comercialización, investimento e financiamento, recursos humanos e administrativa), así como as súas interrelacións.				
EEB3.1.4. Investiga sobre a organización nas empresas do seu ámbito máis próximo e identifica vantaxes e inconvenientes, detecta problemas para solucionar, e describe propostas de mellora.				
EEB3.1.5. Aplica os seus coñecementos a unha organización concreta, para detectar problemas e propor melloras.				
EEB3.1.6. Valora a importancia dos recursos humanos nunha empresa e analiza diferentes maneiras de abordar a súa xestión e a súa relación coa motivación e a produtividade.				

REXISTRO DE CAPACIDADES ADQUIRIDAS. 2ª AVALIACIÓN

Alumno: Grupo:

Estándares de aprendizaxe	Grao de consecución			
	1	2	3	4
EEB4.1.1. Realiza cálculos da produtividade de distintos factores e interpreta os resultados obtidos, coñecendo medios e alternativas de mellora da produtividade nunha empresa.				
EEB4.1.2. Analiza e valora a relación entre a produtividade e os salarios dos/das traballadores/as.				
EEB4.1.3. Reflexiona sobre a importancia para a sociedade e para a empresa da investigación e da innovación tecnolóxica en relación coa competitividade e o crecemento.				
EEB4.2.1. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda xerados ao longo do exercicio económico, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados.				
EEB4.2.2. Identifica e calcula os tipos de custos, ingresos e beneficios dunha empresa, e represéntaos graficamente.				
EEB4.2.3. Calcula o limiar de vendas (de rendibilidade) necesario para a supervivencia da empresa.				
EEB4.2.4. Analiza os métodos custo beneficio e custo eficacia como instrumentos de medida e avaliación que axudan á toma de decisións.				
EEB4.3.1. Identifica os custos que xera o almacén e resolve casos prácticos sobre o ciclo de inventario.				
EEB4.3.2. Valora as existencias en almacén mediante diferentes métodos.				
EEB4.3.3. Valora a relación entre o control de inventarios e a produtividade e a eficiencia nunha empresa.				
EEB5.1.1. Caracteriza un mercado en función de diferentes variables como, por exemplo, o número de competidores e o produto vendido.				
EEB5.1.2. Identifica e adapta a cada caso concreto as estratexias e os enfoques de márketing.				
EEB5.1.3. Interpreta e valora estratexias de márketing, incorporando nesa valoración consideracións de carácter ético, social e ambiental.				
EEB5.1.4. Comprende e explica as fases e as etapas da investigación de mercados.				
EEB5.1.5. Aplica criterios e estratexias de segmentación de mercados en casos prácticos.				
EEB5.1.6. Analiza e valora as oportunidades de innovación e transformación do márketing que xorden co desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación.				
EEB5.1.7. Describe a organización e o funcionamento do departamento comercial da empresa.				

EEB5.1.8. Determina as necesidades da clientela en relación coas características dos produtos ou dos servizos ofrecidos pola empresa.

--	--	--	--	--

REXISTRO DE CAPACIDADES ADQUIRIDAS. 3ª AVALIACIÓN

Alumno: Grupo:

Estándares de aprendizaxe	Grao de consecución			
	1	2	3	4
EEB6.1.3. Interpreta a correspondencia entre os investimentos e o seu financiamento.				
EEB6.1.1. Recoñece os elementos patrimoniais e a función que teñen asignada.				
EEB6.1.2. Identifica, valora e clasifica os bens, os dereitos e as obrigas da empresa en masas patrimoniais.				
EEB6.1.4. Detecta posibles desaxustes no equilibrio patrimonial, na solvencia e no apancamento da empresa, mediante a utilización de rateos.				
EEB6.1.5. Propón medidas correctoras axeitadas en caso de se detectar desaxustes patrimoniais ou financeiros.				
EEB6.1.6. Recoñece a importancia do dominio das operacións matemáticas e dos procedementos propios das ciencias sociais como ferramentas que facilitan a solución de problemas empresariais.				
EEB6.1.7. Recoñece a conveniencia do equilibrio económico, patrimonial e financeiro da empresa.				
EEB6.1.8. Valora a importancia da información na toma de decisións.				
EEB6.1.9. Calcula o resultado do exercicio económico da empresa, empregando os criterios de imputación aplicables.				
EEB6.1.10. Identifica, interpreta e clasifica os elementos do resultado da empresa.				
EEB6.2.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa organización e a actividade que desenvolvan.				
EEB6.2.2. Describe o funcionamento básico dos impostos que recaen sobre as empresas e destaca as principais diferenzas entre eles.				
EEB6.2.3. Valora a achega que supón para a riqueza nacional a carga impositiva que soportan as empresas.				
EEB7.1.1. Coñece e enumera os métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos (criterio do valor actual neto) para seleccionar e valorar investimentos.				
EEB7.1.2. Aplica métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos (valor actual neto), nun suposto concreto de selección de alternativas de investimento para unha empresa.				
EEB7.1.3. Explica as posibilidades de financiamento das empresas diferenciando o externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada un e as implicacións na marcha da empresa.				
EEB7.1.4. Analiza, nun suposto concreto de financiamento externo, as opcións posibles, os seus custos e as variantes de amortización.				

EEB7.1.5. Analiza e avalía, a partir dunha necesidade concreta, as posibilidades que teñen as empresas de recorrer ao mercado financeiro.				
EEB7.1.6. Valora as fontes externas e internas de financiamento da empresa.				
EEB7.1.7. Analiza e expresa as opcións financeiras que mellor se adaptan a un caso concreto de necesidade financeira.				
EEB7.1.8. Aplica os coñecementos tecnolóxicos á análise e á resolución de supostos.				
EEB7.1.9. Identifica e describe os ciclos da actividade da empresa e as súas fases.				
EEB7.1.10. Calcula, para un determinado suposto práctico, os períodos de maduración da empresa, e distingue as súas fases.				

ANEXO IV

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE AULA

O día **5 de novembro** terá lugar a primeira proba de avaliación, referida aos estándares anteriores, baseándonos nas probas da CIUGA.

O **15 de decembro** realizaremos a segunda proba de avaliación xunto coa recuperación da primeira.

O día **9 de febreiro** teremos a terceira proba de avaliación.

A cuarta proba de avaliación o día **16 de marzo**, xunto coa recuperación da terceira, tamén con exercicios e cuestións extraídos das probas da CIUGA.

7 de maio, reservándonos aínda unha semana para actividades de recuperación e unha proba final o día **10 de maio**.

ANEXO V
PROBA DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

Será do mesmo tipo que as da ordinaria, pero con todos os estándares.

ANEXO VI
ENQUISA DE FIN DE CURSO

Como cualificarías os contidos que se desenvolveron na materia?:

Moi malos	Regulares	Aceptable	Bos	Moi bos

Como cualificarías o método aplicado na materia?:

Moi malo	Regular	Aceptable	Bo	Moi bo

O que estivo ben:

O que estivo mal:

Propostas de mellora:

Programación didáctica da materia
iniciación á actividade emprendedora e empresarial

4º Educación Secundaria Obrigatoria

ÍNDICE:

Normativa	
i. Introducción e contextualización	32
ii. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave	33
iii. Concreción dos obxectivos para cada curso	37
iv. Concreción para cada estándar de aprendizaxe:	38
a. Competencias clave	
b. Criterios de avaliación	
c. Temporalización	
d. Grao mínimo de consecución para superar a materia	
e. Procedementos e instrumentos de avaliación	
v. Concrecións metodolóxicas que require a materia	43
vi. Materiais e recursos didácticos	44
vii. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado	44
viii. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente	48
ix. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencias dos seus resultados	49
x. Medidas de atención á diversidade	49
xi. Procedemento de avaliación continua	49
xii. Procedemento de avaliación extraordinaria	49
xiii. Procedemento para o seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	50
xiv. Indicadores de logro para avaliar a propia programación	50
xv. Actividades complementarias e extraescolares	50
xvi. Accións de contribución ao proxecto lector	50
xvii. Accións de contribución ao proxecto TIC	50
xviii. Accións de contribución ao plan de convivencia	51
xix. Información ao alumnado e ás familias	51
xx. Estatísticas de avaliación extraordinaria do curso anterior	51
xxi. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora	51
Anexo I: Avaliación inicial	52
Anexo II: Modelo de test de coñecementos	54
Anexo III: Modelo de rexistro de capacidades adquiridas	56
Anexo IV: Programación de actividades diarias na aula	59
Anexo V: Modelo para a avaliación extraordinaria	60
Anexo VI: Rúbrica para a avaliación do proxecto de empresa	66
Anexo VII: Enquisa de satisfacción do alumnado	68

Normativa

- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da ESO e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.

i. **Introdución e contextualización.-**

O espírito emprendedor é un concepto que abrangue valores persoais tales como a creatividade, a disposición positiva para a innovación e o cambio, a confianza en si mesmo/a, a motivación de logro, o liderado, a aceptación do fracaso como fonte de experiencia, e as actitudes de cooperación e de traballo en equipo. Todas as persoas terán que emprender na súa vida persoal e laboral, terán que innovar e procurar novas respostas, no mundo globalizado e cambiante ao que se enfrontan, aínda que non todas logran levar a cabo un proxecto empresarial propio.

Formar cidadáns e cidadás capaces de asumir riscos, ser innovadores/as, con capacidade de negociación e pensamento estratéxico, e con capacidade para o emprendemento constitúe o reto desta materia. Inclúe aspectos teóricos e prácticos orientados a preparar o alumnado para unha cidadanía responsable e para a vida profesional; axuda ao coñecemento das actividades e das necesidades das persoas emprendedoras, persegue que poidan responsabilizarse da súa propia carreira e do seu camiño persoal de formación, e da toma das decisións clave na súa vida, ademais da posibilidade de crear un negocio propio ou actuar como innovadores/as no traballo dentro dunha organización.

A materia divídese en tres grandes bloques: o primeiro, "Autonomía persoal, liderado e innovación", está centrado na descrición das calidades e as destrezas persoais asociadas á iniciativa emprendedora, nas decisións sobre o itinerario vital e a actuación como futuro/a traballador/a; no segundo bloque, "Proxecto de empresa", repásanse as principais áreas e funcións da empresa co obxecto de pór en marcha o proxecto empresarial xurdido da idea de negocio xerado previamente; e para finalizar, un bloque que baixo o título de

"Finanzas" analiza as alternativas con que conta a empresa para elixir a súa forma xurídica, as fontes de financiamento do seu proxecto empresarial, a necesidade de planificar as necesidades financeiras e as obrigas fiscais e prever a evolución do negocio, garantindo a súa viabilidade.

Esta materia contribúe ao desenvolvemento, ademais, da competencia de sentido de iniciativa emprendedora e espírito emprendedor, que incide na consecución do benestar económico e social da comunidade, así como das competencias de comunicación lingüística e matemática, e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, dixital, sociais e cívicas, e a competencia de aprender a aprender

ii. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.-

A materia de *iniciación á actividade emprendedora e empresarial* contribúe dun xeito evidente á adquisición das competencias básicas dos alumnos e alumnas do ensino secundario.

En canto á **competencia en comunicación lingüística (CCL)**, a materia esixirá do alumnado que utilice as diversas formas da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita. Os alumnos e as alumnas veranse obrigados a expresar pensamentos, a xerar ideas, formarse xuízos críticos, a dialogar, a organizar a información (tanto a propia como a xerada por outros). Así mesmo, a materia préstase a que os alumnos desenvolvan as capacidades lingüísticas orais, expoñendo as ideas, presentando proxectos e produtos, promocionándoos e relacionándose cos potenciais clientes e provedores.

No que fai á **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)**, a materia contribuirá a facilitar aos alumnos e as alumnas a utilización de ferramentas de cálculo (especialmente no relativo aos custos e aos beneficios). Tamén será frecuente o uso de información cuantitativa para poder valorar diferentes alternativas, xunto con elementos e razoamentos matemáticos como ferramenta de axuda para resolver problemas relacionados coas situacións da vida cotiá e da toma de decisións.

A materia *iniciación á actividade emprendedora e empresarial* contribúe dun xeito especial á consecución da **competencia dixital (CD)** pois o alumnado verase obrigado a buscar, obter, procesar e comunicar información para transformala en coñecemento. A utilización das tecnoloxías da información e da comunicación será un elemento imprescindible para o desenvolvemento da materia. Así mesmo, contribuirase ao

desenvolvemento da capacidade dos alumnos e das alumnas para transformar a gran cantidade de información que as novas tecnoloxías poñen á súa disposición en coñecemento útil, facilitando que poidan resolver problemas tanto propios como alleos: detectar necesidades insatisfeitas, ofertar produtos innovadores ao mercado, utilizar as novas tecnoloxías para a promoción e as vendas dos produtos....

A materia de *iniciación á actividade emprendedora e empresarial* contribúe á **competencia para aprender a aprender (CAA)** fomentando a adquisición por parte do alumnado da conciencia das propias capacidades, do que pode facer un por si mesmo e do que se pode chegar a facer coa axuda dos demais. Alumnos que en ocasións desconectan dos contidos educativos máis académicos e tradicionais, conseguen contactar co sistema a través de materias como esta que teñen un forte carácter práctico e que lles permiten desenvolver a competencia persoal, que os estimula e os motiva, fomentando a confianza en si mesmos e o gusto por aprender. Contribúe tamén a que tomen conciencia de que as capacidades das persoas son diferentes, de que cada quen ten as súas, pero todas son válidas e de que xuntas poden chegar a producir bos resultados. Pon de manifesto a posibilidade de emprender proxectos persoais, dividíndoos en metas alcanzables a curto, medio e longo prazo e vendo a necesidade de aplicar o esforzo á aprendizaxe de forma progresiva e realista.

A conexión da materia co desenvolvemento da **competencia social e cívica (CSC)** é enorme. A presenza das empresas como elemento fundamental da actividade económica é incuestionable. A través das capacidades desenvolvidas na nosa materia, os alumnos adquirirán conciencia da importancia do papel coordinador das empresas, e do asociacionismo en xeral, axudándoos a comprender a realidade social e económica do mundo en que viven. Tamén aprenderán a asumir responsabilidades, a comprender a dimensión multicultural da realidade social actual e como a actividade económica non pode ser allea a ela. Desenvolverán habilidades sociais relativas á xestión de conflitos e á necesidade de negociación presentes en calquera organización social (e a empresa non deixa de selo). Asumirán que a actividade económica e empresarial ten unha dimensión ética e unha responsabilidade social cada vez máis ineludibles. Así mesmo, os alumnos e as alumnas comezarán o exercicio da súa cidadanía achegándose ao contacto coa lexislación económica e laboral, ao coñecemento e exercicio dos dereitos e deberes dos cidadáns, partindo da dobre dimensión de patróns e traballadores.

En relación co **sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)**, a nosa materia axuda os estudantes a desenvolver a confianza en si mesmos e a motivación por

actuar. Verán que todos temos ideas, como se poden seleccionar aquelas máis axeitadas e levalas á práctica. Contribúe a elevar a autoestima, a autocrítica e o coñecemento de si mesmo. A necesidade de tomar decisións, de elixir cun criterio propio, calculando os riscos e avaliándoos para despois asumir as consecuencias das nosas decisións, serán capacidades que se desenvolvan nesta materia. O desenvolvemento de proxectos emprendedores contribúe a que os alumnos e as alumnas se habitúen a transformar as ideas en accións planificadas, propoñéndose obxectivos, planificando e deseñando, levando a cabo os proxectos e avaliándoos finalmente. Tamén implica desenvolver habilidades relacionadas co liderado de proxectos, que inclúen a confianza nun mesmo, a empatía, o espírito de superación, a capacidade de organización. En suma, a capacidade de imaxinar, emprender, desenvolver e avaliar accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade, responsabilidade e sentido crítico.

En canto á contribución á **conciencia e expresións culturais (CCEC)**, mesmo que non apareza ningún estándar de aprendizaxe asociado a ela, podemos destacar que o contacto coas diferentes realidades culturais no mundo actual obriga ás empresas a adaptar os produtos ás diferentes sensibilidades e necesidades sociais e culturais. As empresas deben coñecer e respectar esas diferenzas e ofrecer diferentes posibilidades e alternativas que satisfagan os potenciais clientes. Por outro lado, as necesidades de deseñar (logos, imaxes de marca, envases, campañas de publicidade) contribuirán a desenvolver as capacidades artísticas, de iniciativa, imaxinativas, a fomentar a creatividade en suma, de alumnos e alumnas.

Co obxecto de podermos ponderar o peso que ten cada unha das sete competencias clave precisamos elaborar un perfil de competencias da materia.

26 estándares de aprendizaxe		
Competencias básicas	Total de estándares nos que está contemplada a competencia	Porcentaxe de presenza da competencia
CCL	5	19,2
CMCCT	19	73
CD	13	50
CAA	11	42,3
CSC	5	19,2
CSIEE	23	88,5
CCEC	-	-

Como non podía ser doutra maneira, a competencia do sentido de iniciativa e espírito emprendedor resulta fundamental na materia, estando relacionada con 23 dos 26 estándares de aprendizaxe, é dicir co 88,5% dos mesmos. A seguir temos a competencia

matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, presente en 19 estándares (73%).

Tamén teñen forte presenza a competencia dixital, relacionada con 13 estándares de aprendizaxe (50%) e a competencia de aprender a aprender, con 11 (42,3%).

As competencias van unidas a determinados estándares, por tanto a avaliación realizarase de xeito integrado, sendo conscientes de que hai unha diferenza entre avaliar estándares, e máis no caso dos estándares concretos, e avaliar competencias; para avaliar estas últimas realizaremos fundamentalmente un traballo de observación e anotación do comportamento e da evolución do alumnado ao longo do curso escolar, empregándose rúbricas para avaliar destrezas ou competencias concretas. Teremos en conta.

- O desenvolvemento dos contidos, pois mostra o nivel de desempeño acadado en cada unha das competencias.
- O dominio da lingua oral e escrita en contextos diversos. A expresión de pensamentos, vivencias, emocións e opinións, a coherencia no discurso, a capacidade de escoitar e de dialogar, de ler e de expresarse oralmente e por escrito.
- O emprego de razoamentos matemáticos e científicos. Coñecer e manexar os elementos matemáticos básicos en situacións reais ou simuladas da vida cotiá, e por en practica procesos de razoamento que leven á solución dos problemas, á obtención de información ou á toma de decisións.
- A autonomía e eficacia no tratamento crítico da información. O emprego das tecnoloxías da información e a comunicación para organizar e procesar información, e para a resolución de problemas de forma eficiente, mostrando unha actitude crítica e reflexiva.
- A participación social e a valoración da democracia, mostrando respecto polos demais. Valorando e respectando todas as culturas e valorizando a cultura galega.
- A capacidade de traballar individualmente, en grupo reducido ou en grupo amplo, e ser quen de asumir diversas funcións nos grupos de traballo.

iii. Concreción dos obxectivos para o curso.-

O desenvolvemento da materia contribúe á adquisición das seguintes capacidades:

1. Comprender o concepto de empresa e da persoa emprendedora e valorar o seu papel como axente xerador de riqueza e motor económico.
2. Valorar a importancia do asociacionismo como fonte de dinamización social, e como un medio de sumar esforzos e compartir ideais.
3. Coñecer os trazos básicos das actitudes, caalidades persoais e capacidades que constitúen a base do espírito emprendedor.
4. Identificar as propias capacidades e intereses para a toma de decisións sobre estratexias persoais de formación e inserción laboral.
5. Coñecer estratexias de xeración e maduración de ideas emprendedoras.
6. Definir os aspectos xerais e os elementos necesarios para levar a cabo un proxecto emprendedor, tendo sempre respecto polo medio.
7. Realizar actividades que contribúan a mellorar as capacidades de traballo en equipo, negociación, resolución de conflitos e planificación.
8. Desenvolver no alumnado a iniciativa persoal, a autoestima, a creatividade.
9. Buscar, seleccionar e interpretar información, utilizala de forma crítica e responsable de acordo co fin perseguido e comunicala de forma organizada e intelixible aos demais.
10. Empregar as novas tecnoloxías da información e a comunicación como ferramentas de traballo eficaces na vida cotiá.
11. Utilizar as linguas estranxeiras como medio de comunicación necesario no mundo globalizado actual.

iv. Concreción para cada estándar de aprendizaxe.-

- **Competencias clave**
- **Criterios de avaliación**
- **Temporalización**
- **Grao mínimo de consecución para superar a materia**
- **Procedementos e instrumentos de avaliación**

A materia de *iniciación á actividade emprendedora e empresarial* desenvolve as **competencias clave** como se detalla deseguido:

A comunicación lingüística desenvólvese a través do uso do vocabulario específico da materia, da produción escrita e da exposición oral dos razoamentos lóxicos aos que se chegue en cada situación.

A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía desenvolveranse nomeadamente coa resolución de problemas de calquera índole mediante o razoamento lóxico. Compre sinalar que a *iniciación á actividade emprendedora e empresarial* e a competencia matemática van moi unidas pola súa propia natureza.

A competencia dixital vaise desenvolver co frecuente emprego das TIC na procura e no almacenamento de información e coas aplicacións e os programas propios da materia.

Aprender a aprender é unha competencia de forte presenza, pois a actividade emprendedora reclama constantemente procesos de análise e reflexión do alumnado.

As competencias sociais e cívicas alcanzanse a través da realización das actividades de xeito cooperativo, procurando que o alumnado traballe en grupo e interactúe respectando as normas segundo o contexto onde se atope.

O sentido de iniciativa e espírito emprendedor conséguese mediante esta materia a través do desenvolvemento da creatividade, do esforzo persoal, da capacidade de análise, da planificación, da organización e toma de decisións, da resolución de problemas, da xestión de riscos, da avaliación e da autoavaliación, etc.

A conciencia e expresións culturais vanse traballar a través da análise das diferentes posibilidades de produtos a ofertar, de acordo coas ideas emprendedoras, que deben estar en relación cos costumes sociais.

Criterios de avaliación:

B1.1. Describir as cualidades persoais e as destrezas asociadas á iniciativa emprendedora, analizando os requisitos de distintos postos de traballo e actividades empresariais.

B1.2. Tomar decisións sobre o itinerario vital propio comprendendo as posibilidades de emprego, o autoemprego e a carreira profesional, en relación coas habilidades persoais e as alternativas de formación e aprendizaxe ao longo da vida.

B1.3. Actuar como futuro/a traballador/a responsable coñecendo os seus dereitos e deberes como tal, valorando a acción do Estado e da Seguridade Social na protección da persoa empregada, e comprendendo a necesidade de prote dos riscos laborais

B2.1. Crear un proxecto de empresa na aula e describir as características internas e a súa relación co contorno, así como a súa función social, identificando os elementos que constitúen a súa rede loxística como provedores/as, clientela, sistemas de produción e comercialización, redes de almacenaxe, etc.

B2.2. Identificar e organizar a información das áreas da empresa en proxecto aplicando os métodos correspondentes á tramitación documental empresarial.

B2.3. Realizar actividades de produción e comercialización propias da empresa proxectada, aplicando técnicas de comunicación e traballo en equipo.

B3.1. Describir as formas xurídicas das empresas en relación coas responsabilidades legais dos/das seus/súas propietarios/a e xestores/as, así como coas esixencias de capital.

B3.2. Identificar as fontes de financiamento das empresas propias de cada forma xurídica, incluíndo as externas e internas, e valorar as máis axeitadas para cada tipo e momento no ciclo de vida da empresa.

B3.3. Recoñecer a necesidade de planificar o negocio das empresas ligándoa á previsión da evolución do sector e da economía nacional, así como da planificación financeira e fiscal.

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización			Grao mínimo de consecución	Proced. Instrum. de avaliación
		1ºTr	2ºTr	3ºTr		
B1.1	1. IAEEB1.1.1. Identifica cualidades persoais, actitudes, aspiracións e formación propias das persoas emprendedoras, e describe a actividade dos/das empresarios/as e o seu papel na xeración de traballo e benestar social	X			Está familiarizado co concepto de emprendemento e coas características asociadas ao mesmo	Lista de control
	2. IAEEB1.1.2. Investiga con medios telemáticos as áreas de actividade profesional do seu contorno, os tipos de empresa que as desenvolven e os postos de traballo en cada unha, razoando os requisitos para o desempeño profesional en cada un deles	X			Coñece o tipo de empresas que existen no seu contorno	Lista de control
B1.2	3. IAEEB1.2.1. Deseña un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do ámbito coas cualidades e as aspiracións persoais, e valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida	X			Describe o seu proxecto profesional	Texto escrito
B1.3	4. IAEEB1.3.1. Identifica as normas e as institucións que interveñen nas relacións entre os/as traballadores/as e as empresas, en relación co funcionamento do mercado de traballo	X			Identifica o E.T. e os convenios colectivos como fontes de normas das relacións laborais	Texto escrito
	5. IAEEB1.3.2. Distingue os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e compróboas en contratos de traballo e documentos de negociación colectiva	X			Coñece as normas básicas sobre xornada e salario	Texto escrito
	6. IAEEB1.3.3. Describe as bases do sistema da Seguridade Social e as obrigas dos/das traballadores/as e dos/das empresarios/as dentro deste, así como as prestacións mediante procuras nas web institucionais, valorando a súa acción pro tectora ante as continxencias cubertas	X			Coñece as normas básicas sobre seguridade social (afiliación, alta, cotización)	Texto escrito
	7. IAEEB1.3.4. Identifica as situacións de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade económica máis salientables no ámbito, e indica os métodos de prevención legalmente establecidos, así como as técnicas de primeiros auxilios aplicables en caso de accidente ou dano	X			Coñece as normas básicas sobre prevención de riscos laborais	Texto escrito

Criterios de evaluación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización			Grao mínimo de consecución	Proced. Instrum. de avaliación
		1ºTr	2ºTr	3ºTr		
B2.1	8. IAEEB2.1.1. Determina a oportunidade dun proxecto de empresa, identificando as características e tomando parte na actividade que a empresa desenvolve		X		Identifica unha idea emprendedora	Lista de control
	9. IAEEB2.1.2. Identifica as características internas e externas da empresa en proxecto e os elementos que constitúen o contono específico desta (mercado, provedores/as, clientela, sistemas de produción e/ou comercialización, almacenaxe, etc.)		X		Desenvolve un proxecto de empresa de acordo coa idea emprendedora	Proba escrita Exposición oral Rúbrica do proxecto
	10. IAEEB2.1.3. Describe a relación da empresa proxectada co seu sector, a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento, e identifica os procedementos de traballo no desenvolvemento do proceso produtivo ou comercial		X		Desenvolve un proxecto de empresa de acordo coa idea emprendedora	Proba escrita Exposición oral Rúbrica do proxecto
	11. IAEEB2.1.4. Elabora documentos para a planificación das funcións da empresa en proxecto, tanto a longo como a curto prazo		X		Desenvolve un proxecto de empresa de acordo coa idea emprendedora	Proba escrita Exposición oral Rúbrica do proxecto
B2.2	12. IAEEB2.2.1. Manexa como usuario/a de nivel básico aplicacións informáticas de control e seguimento de clientela, provedores/as e outros, aplicando as técnicas básicas de contabilidade, xestión financeira e comercial e administración de persoal, para a organización da información da empresa proxectada.		X		Desenvolve un proxecto de empresa de acordo coa idea emprendedora	Proba escrita Exposición oral Rúbrica do proxecto
	13. IAEEB2.2.2. Transmite información entre as áreas e a clientela da empresa en proxecto, recoñecendo e aplicando técnicas de comunicación e negociación, e aplicando o tratamento protocolario axeitado mediante medios telemáticos e presenciais		X		Desenvolve un proxecto de empresa de acordo coa idea emprendedora	Proba escrita Exposición oral Rúbrica do proxecto
B2.3	14. IAEEB2.3.1. Crea materiais publicitarios e para a difusión dos produtos e/ou servizos obxecto do proxecto, e elabora un plan de comunicación en internet e en redes sociais, aplicando os principios do márketing.		X		Desenvolve un proxecto de empresa de acordo coa idea emprendedora	Proba escrita Exposición oral Rúbrica do proxecto
	15. IAEEB2.3.2. Desenvolve tarefas de produción e/ou comercialización na empresa en proxecto segundo os plans de control prefixados: simulando a toma de decisións para cumprir os prazos e os obxectivos establecidos e propondo melloras, mediante o traballo en equipo.		X		Desenvolve un proxecto de empresa de acordo coa idea emprendedora	Proba escrita Exposición oral Rúbrica do proxecto
	16. IAEEB2.3.3. Compila datos sobre os apoios á creación de empresas tanto do contorno próximo como do territorial, estatal ou europeo, e selecciona as posibilidades que se axusten ao proxecto de empresa formulado.		X		Desenvolve un proxecto de empresa de acordo coa idea emprendedora	Proba escrita Exposición oral Rúbrica do proxecto

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización			Grao mínimo de consecución	Proced. Instrum. de avaliación
		1ºTr	2ºTr	3ºTr		
B3.1	17. IAEEB3.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e indica as esixencias de capital e responsabilidades de cada tipo			X	Distingue entre sociedades anónimas, lim e coop	Texto escrito
	18. IAEEB3.1.2. Identifica e enumera as administracións públicas implicadas na posta en marcha de empresas, e compila por vía telemática os principais documentos necesarios para a posta en funcionamento			X	Desenvolve un proxecto de empresa de acordo coa idea emprendedora	Proba escrita Exposición oral Rúbrica do proxecto
	19. IAEEB3.1.3. Valora as tarefas de apoio, rexistro, control e fiscalización que realizan as autoridades no proceso de creación de empresas, e describe os trámites que se deben realizar			X	Desenvolve un proxecto de empresa de acordo coa idea emprendedora	Proba escrita Exposición oral Rúbrica do proxecto
	20. IAEEB3.1.4. Selecciona a forma xurídica máis axeitada en cada caso segundo a actividade, o número de emprendedores/as, o alcance da responsabilidade, a complexidade organizativa, a dispoñibilidade financeira e a fiscalidade			X	Identifica diferentes posibilidade e a forma xurídica apropiada	Proba escrita Exposición oral Rúbrica do proxecto
B3.2	21. IAEEB3.2.1. Determina os investimentos necesarios para a posta en marcha da empresa, distingue as principais partidas Dun balance de situación			X	Desenvolve un proxecto de empresa de acordo coa idea emprendedora	Proba escrita Exposición oral Rúbrica do proxecto
	22. AEEB3.2.2. Caracteriza de xeito básico as posibilidades de financiamento das empresas, diferenciando financiamento externo e interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa			X	Desenvolve un proxecto de empresa de acordo coa idea emprendedora	Proba escrita Exposición oral Rúbrica do proxecto
B3.3	23. IAEEB3.3.1. Presenta un estudo de viabilidade económico-financieiro a medio prazo do proxecto de empresa, aplicando condicións reais de produtos financeiros analizados e previsións de vendas, segundo un estudo do ámbito mediante unha aplicación informática tipo folia de cálculo, manexando razóns financeiras básicas.			X	Desenvolve un proxecto de empresa de acordo coa idea emprendedora	Proba escrita Exposición oral Rúbrica do proxecto
	24. IAEEB3.3.2. Analiza os produtos financeiros máis axeitados de entre as entidades financeiras do ámbito para cada tipo de empresa, valorando o custo e o risco de cada un, e selecciona os máis acaídos para o proxecto de empresa.			X	Desenvolve un proxecto de empresa de acordo coa idea emprendedora	Proba escrita Exposición oral Rúbrica do proxecto
	25. IAEEB3.3.3. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa actividade e a súa forma xurídica, sinala o funcionamento básico do IAE, IVE, IRPF e IS, e indica as principais diferenzas entre eles.			X	Coñece as principais figuras impositivas	Proba escrita
	26. IAEEB3.3.4. Valora a achega que supón a carga impositiva das empresas á riqueza nacional e ao sostemento das cargas do Estado			X	Coñece o funcionamento básico dos orzamentos público	Proba escrita

v. Concrecións metodolóxicas que require a materia.-

Na procura dunha aprendizaxe comprensiva, seguiranse os seguintes criterios:

- Partir dos coñecementos previos do alumnado para construír novas aprendizaxes, procurando fomentar “aprender a aprender” por si mesmos de forma significativa. Motivándoos para a adquisición de novos coñecementos como principio básico para o desenvolvemento da materia.
- Realizar actividades que permitan actualizar os coñecementos, procurando que resulten motivadoras e participativas.
- Atendera á diversidade do alumnado con actividades diferentes ou adaptadas ás características de cada quen.

Nas exposicións explicativas dos diferentes temas, fomentarase a participación do alumno fronte á simple recepción pasiva de contidos. Promoverase o diálogo constante e interactivo entre os propios alumnos e entre estes e o profesor. Fomentarase a formulación de preguntas aclaratorias e a participación procurando erradicar temores, medos (ao ridículo por exemplo), receos, etc.

Procurarase unha relación constante coa realidade inmediata facendo mención ás empresas da zona e poñendo exemplos extraídos das mesmas.

Utilizarase a busca de información, tanto individual como en grupo, como estratexia para a asimilación de contidos, hábitos, técnicas e métodos de traballo e estudo: clasificación dos tipos de industria existentes na localidade, documentación para o proxecto de empresa, etc.

Constituíranse grupos de traballo de dúas persoas para a elaboración de proxectos de empresa, de acordo coas ideas emprendedoras que se traballaran previamente. Cada proxecto de empresa deberá ser defendido mediante unha exposición oral e deberá seguir os criterios establecidos na rúbrica correspondente (anexo VI).

vi) Materiais e recursos didácticos.-

- 1.- “A creación de empresas (Materiais de apoio á creación de empresas no ámbito da formación profesional)” BIC GALICIA.
- 2.- Guía laboral do Ministerio de Traballo, por medio da páxina web do ministerio.
- 3.- Apuntes aportados polo profesor da materia.
- 4.- Libro e Guía didáctica de “Iniciativa Emprendedora” da Editorial EDITEX.
- 5.- Artigos da prensa económica.
- 6.- Revista “Emprendedores” e a súa páxina web.

vii) Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción do alumnado.-

Para a cualificación dos alumnos e alumnas teranse en conta:

- As probas de avaliación.
- Observación diaria, rexistro anecdótico e caderno do alumno.
- Proxecto de empresa.

As probas de avaliación constarán de un test de coñecementos e da resolución dun caso práctico. O test de coñecementos consiste na contestación a un cuestionario de 10 preguntas de resposta alternativa. Cada unha das preguntas cualifícase con un punto. As respostas incorrectas penalízanse con un cuarto de punto. Nesta proba o alumno só disporá de bolígrafo. No Anexo II figura un exemplo de test de coñecementos para a 1ª avaliación.

A resolución do caso práctico realizarase de forma individual, non obstante o alumnado poderá consultar o material de traballo utilizado en aula. A proba consiste no estudo dun caso e a súa resolución mediante a contestación a 5 preguntas. Está proba cualifícase con 10 puntos

A observación diaria e participación na clase, así como á revisión do caderno de clase permítenos medir a actitude do alumno.

As cualificacións parciais recollerán os resultados das probas de avaliación e a actitude do alumno ou alumna.

O Test de coñecementos ata un 40% da cualificación, a resolución do caso práctico ata outro 40% e a actitude o 20% restante.

Puntuando ata 10 cada un deses apartados, as cualificacións parciais resultan da seguinte operación:

$$Ac * 2/10 + Tc * 4/10 + Rc * 4/10 = \text{Cualificación (máximo 10 puntos).}$$

Ac: Actitude do alumno

Tc: Test de coñecementos (Tc)

Rc: Resolución dun caso práctico (Rc)

As cualificacións do alumnado relaciónanse cos criterios de avaliación e cos estándares de aprendizaxe do seguinte xeito, por avaliacións:

Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe (26 estándares)		Cualificación máxima
1º trimestre (7 estándares)		
27.	IAEEB1.1.1. Identifica as calidades persoais, as actitudes, as aspiracións e a formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, e describe a actividade dos/das empresarios/as e o seu papel na xeración de traballo e benestar social.	1
28.	IAEEB1.1.2. Investiga con medios telemáticos as áreas de actividade profesional do seu contorno, os tipos de empresa que as desenvolven e os postos de traballo en cada unha, razoando os requisitos para o desempeño profesional en cada un deles.	1
29.	IAEEB1.2.1. Deseña un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do ámbito coas calidades e as aspiracións persoais, e valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida	1
30.	IAEEB1.3.1. Identifica as normas e as institucións que interveñen nas relacións entre os/as traballadores/as e as empresas, en relación co funcionamento do mercado de traballo.	1
31.	IAEEB1.3.2. Distingue os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e compróbaos en contratos de traballo e documentos de negociación colectiva.	2
32.	IAEEB1.3.3. Describe as bases do sistema da Seguridade Social e as obrigas dos/das traballadores/as e dos/das empresarios/as dentro deste, así como as prestacións mediante procuras nas web institucionais, valorando a súa acción pro tectora ante as continxencias cubertas.	2
33.	IAEEB1.3.4. Identifica as situacións de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade económica máis salientables no ámbito, e indica os métodos de prevención legalmente establecidos, así como as técnicas de primeiros auxilios aplicables en caso de accidente ou dano.	2
2º trimestre (9 estándares)		Cualificación máxima
34.	IAEEB2.1.1. Determina a oportunidade dun proxecto de empresa, identificando as características e tomando parte na actividade que a empresa desenvolve.	1
35.	IAEEB2.1.2. Identifica as características internas e externas da empresa en proxecto, así como os elementos que constitúen o contorno específico desta (mercado, provedores/as, clientela, sistemas de produción e/ou	1

	comercialización, almacenaxe, etc.).	
36.	IAEEB2.1.3. Describe a relación da empresa proxectada co seu sector, a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento, e identifica os procedementos de traballo no desenvolvemento do proceso produtivo ou comercial.	2
37.	IAEEB2.1.4. Elabora documentos para a planificación das funcións da empresa en proxecto, tanto a longo como a curto prazo.	1
38.	IAEEB2.2.1. Manexa como usuario/a de nivel básico aplicacións informáticas de control e seguimento de clientela, provedores/as e outros, aplicando as técnicas básicas de contabilidade, xestión financeira e comercial e administración de persoal, para a organización da información da empresa proxectada.	1
39.	IAEEB2.2.2. Transmite información entre as áreas e a clientela da empresa en proxecto, recoñecendo e aplicando técnicas de comunicación e negociación, e aplicando o tratamento protocolario axeitado mediante medios telemáticos e presenciais	1
40.	IAEEB2.3.1. Crea materiais publicitarios e para a difusión dos produtos e/ou servizos obxecto do proxecto, e elabora un plan de comunicación en internet e en redes sociais, aplicando os principios do márketing.	1
41.	IAEEB2.3.2. Desenvolve tarefas de produción e/ou comercialización na empresa en proxecto segundo os plans de control prefixados: simulando a toma de decisións para cumprir os prazos e os obxectivos establecidos e propondo melloras, mediante o traballo en equipo.	1
42.	IAEEB2.3.3. Compila datos sobre os apoios á creación de empresas tanto do contorno próximo como do territorial, estatal ou europeo, e selecciona as posibilidades que se axusten ao proxecto de empresa formulado.	1

3º trimestre (10 estándares)		Cualificación máxima
43.	IAEEB3.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e indica as esixencias de capital e responsabilidades propias de cada tipo.	1
44.	IAEEB3.1.2. Identifica e enumera as administracións públicas implicadas na posta en marcha de empresas, e compila por vía telemática os principais documentos necesarios para a posta en funcionamento.	1
45.	IAEEB3.1.3. Valora as tarefas de apoio, rexistro, control e fiscalización que realizan as autoridades no proceso de creación de empresas, e describe os trámites que se deben realizar.	1
46.	IAEEB3.1.4. Selecciona a forma xurídica máis axeitada en cada caso segundo a actividade que se vaia desenvolver, o número de emprendedores/as, o alcance da responsabilidade que se vaia asumir, a complexidade organizativa, a dispoñibilidade financeira e a fiscalidade.	1
47.	IAEEB3.2.1. Determina os investimentos necesarios para a posta en marcha dunha empresa, e distingue as principais partidas relacionadas nun balance de situación.	1
48.	IAEEB3.2.2. Caracteriza de xeito básico as posibilidades de financiamento das empresas, diferenciando o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa.	1
49.	IAEEB3.3.1. Presenta un estudo de viabilidade económico-financieiro a medio prazo do proxecto de empresa, aplicando condicións reais de produtos financeiros analizados e previsións de vendas, segundo un estudo do ámbito mediante unha aplicación informática tipo folla de cálculo, manexando	1

	razóns financeiras básicas.	
50.	IAEEB3.3.2. Analiza os produtos financeiros máis axeitados de entre as entidades financeiras do ámbito para cada tipo de empresa, valorando o custo e o risco de cada un, e selecciona os máis acaídos para o proxecto de empresa.	1
51.	<input type="checkbox"/> IAEEB3.3.3. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa actividade e a súa forma xurídica, sinala o funcionamento básico do IAE, IVE, IRPF e IS, e indica as principais diferenzas entre eles.	1
52.	IAEEB3.3.4. Valora a achega que supón a carga impositiva das empresas á riqueza nacional e ao sostemento das cargas do Estado.	1

Criterios de cualificación:

O proxecto de empresa será confeccionado durante o segundo trimestre e defendido no terceiro, e deberá responder aos criterios establecidos na rúbrica de avaliación que figura como anexo VI desta programación. Cualificarase de forma independente cun máximo de 10 puntos.

A cualificación final será a media aritmética calculada entre a cualificación obtida no Proxecto de Empresa e a cualificación obtida nas probas de avaliación calculada de acordo coa fórmula: $C1^{aaval} * 4/10 + C2^{aaval} * 4/10 + C3^{aaval} * 2/10$

Sendo “C1^{aaval}”, “C2^{aaval}”, e “C3^{aaval}” as cualificacións obtidas respectivamente na primeira, segunda e terceira avaliacións.

Será necesario acadar unha cualificación de 4 puntos (sobre 10) para poder compensar a cualificación da proba de avaliación ou do proxecto de empresa coas outras cualificacións que compoñen a final.

viii) Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.-

INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO:

INDICADORES	Escala			
	1	2	3	4
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
Conseguiuse motivar para lograr a actividade do alumnado.				
Conseguiuse a participación activa do alumnado.				
Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
Mantívoise un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
Dase un peso real á observación do traballo na aula.				
Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado na aula.				

INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE:

INDICADORES	Escala			
	1	2	3	4
Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individuais que precisa				
Elabóranse as actividades atendendo á diversidade.				
Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
Combínase traballo individual e en equipo.				
Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
Poténcianse estratexias de expresión e comprensión oral e escrita.				
Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe.				
Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
Ofrécese ao alumnado con rapidez o resultado de probas/traballo, etc.				

ix) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar.-

A avaliación inicial realizouse de acordo co modelo que figura como Anexo I desta programación, de resultas da mesma observase que os quince alumnos e alumnas que cursan a materia posúen ideas previas sobre as empresas, e non se aprecia necesidade da adoptar medidas individuais ou colectivas relevantes, máis ala de reforzar o alumnado que teña máis dificultades para superar as diferentes probas.

x) Medidas de atención á diversidade.-

Como se indicou máis arriba, non se aprecia, unha vez realizada a avaliación inicial, que haxa necesidade da adoptar medidas individuais ou colectivas relevantes, máis ala de reforzar o alumnado que teña máis dificultades para superar as diferentes probas.

xi) Procedemento de avaliación continua.-

Diariamente rexistrárase a evolución dos alumnos mediante anotacións no rexistro de capacidades adquiridas, ben en base á observación ou ben en base á realización das diferentes probas previstas para cada estándar de aprendizaxe.

xii) Procedemento de avaliación extraordinaria.-

No suposto de que algún alumno ou alumna non puidese ser avaliado/a de forma continua ou non acadase as competencias do módulo, deberá someterse a unha avaliación extraordinaria consistente na resolución dun test e dunha ficha de problemas que compendien os estándares de aprendizaxe das tres avaliacións, semellante ao recollido no Anexo V, e deberá tamén elaborar e defender un proxecto de empresa que será avaliado de acordo coa rúbrica que figura no anexo VI.

xiii) Procedemento para o seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.-

Non hai alumnos coa materia pendente.

xiv) Indicadores de logro para avaliar a propia programación.-

- A quen se dirixe?
- Coñécense os obxectivos?
- Están ben seleccionados os recursos? Están analizados en profundidade? Están seleccionados segundo a súa idoneidade?
- Está correctamente secuenciada?
- Está coordinada co resto do profesorado?

xv) Actividades complementarias e extraescolares.-

Colaborarase coas actividades organizadas conxuntamente polo equipo docente ou por outros departamentos, de ser necesario, e sempre que non afecte ao desenvolvemento das propias actividades lectivas noutros grupos.

xvi) Accións de contribución ao proxecto lector.-

- Lectura comprensiva da normativa laboral que nos afecte, en particular do Estatuto dos Traballadores.
- Lectura comprensiva da normativa sectorial.

xvii) Accións de contribución ao proxecto TIC

- Busca guiada de información a través da rede.
- Elaboración do proxecto emprendedor.

xviii) Accións de contribución ao plan de convivencia.-

Utilización do diálogo como medio de solución das diferenzas de opinión ou das diferenzas de intereses e respecto polas achegas doutras persoas.

xix) Información ao alumnado e ás familias.-

Trimestralmente outorgarase unha cualificación que reflicte o progreso do alumnado na materia. De ser preciso, falarase persoalmente coas familias na hora de titoría ou ben nalgunha hora consensuada coa familia afectada.

A programación exporase publicamente polo procedemento que habilite o equipo directivo do instituto.

xx) Estatísticas de avaliación extraordinaria do curso anterior.-

No curso 2021-2022 non se impartiu esta materia.

xxii. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.-

Regularmente rexistrarase o desenvolvemento da programación no libro de actas do Departamento. No caso de producirse desaxustes respecto da temporalización, analizaranse as causas e proporase á Xefatura de Estudos unha planificación correctora, deixándose constancia da mesma no libro de actas do Departamento.

Coincidindo coas avaliacións trimestrais, analizaranse os resultados de forma porcentual, e no caso de desaxustes importantes cos resultados das outras materias analizaranse as causas e proporase á Xefatura de Estudos unha planificación correctora, deixándose constancia da mesma no libro de actas do Departamento. No mes de maio pasarase unha enquisa de satisfacción ao alumnado, de acordo co modelo recollido no Cambados, 20 de setembro de 2022 Asdo.- Xurxo Novales Ordax

ANEXO I

Cuestionario inicial

- I] Cal foi o motivo de escolleres a materia de “*iniciación á actividade emprendedora e empresarial*”?
- II] Que competencias esperas adquirir nesta materia?

ENQUISA DE COÑECEMENTOS PREVIOS

1. Por persoa emprendedora entendemos
 - a) Persoa que sempre toma a iniciativa
 - b) Quen se presenta diariamente nas oficinas de emprego á espera dun posto de traballo
 - c) Persoa que é capaz de desenvolver un proxecto de autoemprego
 - d) Quen sabe convencernos de que ten a razón
2. Por empresa entendemos
 - a) Proxecto dunha persoa
 - b) Organización que ten por obxectivo ofertar un produto aos cidadáns
 - c) O edificio no que se atopa unha organización dedicada á creación dun produto ou á prestación dun servizo aos cidadáns
 - d) Conxunto de actividades desempeñadas directamente por un empresario
3. Por Traballador Autónomo entendemos
 - a) Traballador dunha empresa que realiza servizos no domicilio dos clientes
 - b) Empresario social
 - c) Traballador que traballa para a súa propia empresa
 - d) Axente comercial dunha empresa
4. Concepto de mercado
 - a) Lugar físico onde se compran e venden produtos
 - b) Espazo físico ou abstracto onde se compran e venden produtos
 - c) Establecemento comercial
 - d) Entidade financeira

5. Unha Investigación de mercado é
 - a) Un estudo dos prezos dos produtos que queremos mercar
 - b) Un estudo das condicións laborais nas que traballan os vendedores do mercado
 - c) Unha análise dos establecementos comerciais dunha localidade
 - d) Un estudo da posibilidade de éxito dunha idea emprendedora

6. Unha sociedade anónima é
 - a) Unha Caixa de Aforros
 - b) Un Banco
 - c) Un tipo de empresario
 - d) A empresa dun Traballador Autónomo

7. Por Escritura Pública entendemos
 - a) Documento que reflicte o acordo ao que chegan os socios, do que da fe un notario
 - b) Documento exposto no taboleiro de anuncios
 - c) Documento que reflicte o acordo ao que chegan os socios dunha empresa
 - d) A Constitución Española

8. Un contrato de traballo é
 - a) Un acordo entre un empregador e un traballador para a prestación de servizos
 - b) Un TC2
 - c) Un recibo salarial
 - d) Un acordo entre as organizacións empresariais e os sindicatos

9. Un plan financeiro dunha empresa é
 - a) Unha previsión de petición de préstamos bancarios
 - b) Unha previsión dos ingresos que se poden acadar
 - c) Un estudo dos gastos necesarios
 - d) Unha previsión de ingresos e gastos

10. A estrutura dunha empresa é
 - a) O conxunto de Recursos Humanos de que dispón
 - b) Os inmobles de que dispón
 - c) O conxunto de recursos humanos e materiais, así como as relacións entre os distintos postos
 - d) A composición co Consello de Administración

ANEXO II

TEST DE COÑECEMENTOS CORRESPONDENTE Á PROBA DA 1ª AVALIACIÓN

Indica cal das respostas é a correcta (as respostas correctas suman 1 punto, as respostas erróneas descuentan 0,25 ptos.)

1. Identifica as calidades que identifican á persoa emprendedora
 - a) Creatividade, persistencia, busca oportunidades, autoconfianza, capacidade de planificación, moi prudente cos riscos
 - b) Creatividade, persistencia, busca oportunidades, autoconfianza, capacidade de planificación, actitude positiva
 - c) Creatividade, pouco resistente á frustración, busca oportunidades, Autoconfianza, capacidade de planificación, actitude positiva
 - d) Innovación, persistencia, busca oportunidades, Autoconfianza, capacidade de planificación, moi prudente cos riscos
2. Cal das seguintes afirmacións é correcta?
 - a) Un empresario/a nace, non se fai
 - b) Un empresario/a é unha persoa con ansia de poder
 - c) Proactividade é a capacidade de tomar a iniciativa, asumindo a responsabilidade de decidir o que queremos facer
 - d) A proactividade é a capacidade de expresar as propias ideas sen atacar as ideas dos demais
3. Por asertividade entendemos
 - a) Capacidade de ser ambicioso/a
 - b) Capacidade de asumir riscos
 - c) Capacidade de tomar a iniciativa, e asumir a responsabilidade
 - d) Capacidade de expresar as propias ideas sen atacar as ideas dos demais
4. O risco do empresario/a é
 - a) A posibilidade de ter perdas económicas
 - b) A necesidade de traballar moitas horas
 - c) A posibilidade de equivocarse cando se contrata ao persoal
 - d) A competencias das outras empresas
5. Os elementos internos da empresa que constitúen vantaxes competitivas (ex: alta formación dos seus traballadores) son
 - a) Fortalezas.

- b) Debilidades.
 - c) Oportunidades.
 - d) Ameazas.
6. Os elementos externos da empresa que constitúen vantaxes competitivas (ex: non existen empresas competidoras na localidade) son
- a) Fortalezas
 - b) Debilidades
 - c) Oportunidades
 - d) Ameazas
7. Unha idea emprendedora é
- a) Un estudio do mercado que nos rodea
 - b) Un extraordinario descubrimento científico
 - c) Unha necesidade do noso entorno que non está sendo atendida
 - d) Un traballo que me agrada
8. Cal das seguintes afirmacións é correcta?
- a) Na tormenta de ideas recoméndase construír sobre as ideas dos demais
 - b) Podemos atopar unha necesidade non cuberta polo mercado analizando os cambios ocorridos no na nosa sociedade nos últimos anos
 - c) A palabra aleatoria funciona debido á asociación de ideas en torno a unha palabra “fóra de contexto”
 - d) As tres son correctas
9. Cal das seguintes afirmacións é correcta?
- a) O pensamento creativo busca solucións cun enfoque lóxico e baseado na formulación de hipóteses e deducións
 - b) O pensamento vertical é intuitivo
 - c) O pensamento lateral rompe a nosa tradicional forma de pensar, propoñendo solucións diferentes e creativas
 - d) As tres son correctas
10. A investigación de mercado
- a) Cuantitativa persegue recoller información obxectiva e medible
 - b) Cualitativa basease na observación e análise das motivacións e desexos
 - c) As fontes de información poden ser primarias e secundarias
 - d) As tres son correctas

ANEXO III

Modelo de rexistro de capacidades adquiridas 1ª avaliación

Alumno: Grupo:

Estándares de aprendizaxe	Grao de consecución				
	1	2	3	4	5
IAEEB1.1.1. Identifica as calidades persoais, as actitudes, as aspiracións e a formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, e describe a actividade dos/das empresarios/as e o seu papel na xeración de traballo e benestar social.					
IAEEB1.1.2. Investiga con medios telemáticos as áreas de actividade profesional do seu contorno, os tipos de empresa que as desenvolven e os postos de traballo en cada unha, razoando os requisitos para o desempeño profesional en cada un deles.					
IAEEB1.2.1. Deseña un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do ámbito coas calidades e as aspiracións persoais, e valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida					
IAEEB1.3.1. Identifica as normas e as institucións que interveñen nas relacións entre os/as traballadores/as e as empresas, en relación co funcionamento do mercado de traballo.					
IAEEB1.3.2. Distingue os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e compróboas en contratos de traballo e documentos de negociación colectiva.					
IAEEB1.3.3. Describe as bases do sistema da Seguridade Social e as obrigas dos/das traballadores/as e dos/das empresarios/as dentro deste, así como as prestacións mediante procuras nas web institucionais, valorando a súa acción protectora ante as continxencias cubertas.					
IAEEB1.3.4. Identifica as situacións de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade económica máis salientables no ámbito, e indica os métodos de prevención legalmente establecidos, así como as técnicas de primeiros auxilios aplicables en caso de accidente ou dano.					

Modelo de rexistro de capacidades adquiridas 2ª avaliación

Alumno: Grupo:

Estándares de aprendizaxe	Grao de consecución				
	1	2	3	4	5
IAEEB2.1.1. Determina a oportunidade dun proxecto de empresa, identificando as características e tomando parte na actividade que a empresa desenvolve.					
IAEEB2.1.2. Identifica as características internas e externas da empresa en proxecto, así como os elementos que constitúen o contorno específico desta (mercado, provedores/as, clientela, sistemas de produción e/ou comercialización, almacenaxe, etc.).					
IAEEB2.1.3. Describe a relación da empresa proxectada co seu sector, a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento, e identifica os procedementos de traballo no desenvolvemento do proceso produtivo ou comercial.					
IAEEB2.1.4. Elabora documentos para a planificación das funcións da empresa en proxecto, tanto a longo como a curto prazo.					
IAEEB2.2.1. Manexa como usuario/a de nivel básico aplicacións informáticas de control e seguimento de clientela, provedores/as e outros, aplicando as técnicas básicas de contabilidade, xestión financeira e comercial e administración de persoal, para a organización da información da empresa proxectada.					
IAEEB2.2.2. Transmite información entre as áreas e a clientela da empresa en proxecto, recoñecendo e aplicando técnicas de comunicación e negociación, e aplicando o tratamento protocolario axeitado mediante medios telemáticos e presenciais					
IAEEB2.3.1. Crea materiais publicitarios e para a difusión dos produtos e/ou servizos obxecto do proxecto, e elabora un plan de comunicación en internet e en redes sociais, aplicando os principios do márketing.					
IAEEB2.3.2. Desenvolve tarefas de produción e/ou comercialización na empresa en proxecto segundo os plans de control predefinidos: simulando a toma de decisións para cumprir os prazos e os obxectivos establecidos e propondo melloras, mediante o traballo en equipo.					
IAEEB2.3.3. Compila datos sobre os apoios á creación de empresas tanto do contorno próximo como do territorial, estatal ou europeo, e selecciona as posibilidades que se axusten ao proxecto de empresa.					

Modelo de rexistro de capacidades adquiridas. 3ª avaliación

Alumno: Grupo:

Estándares de aprendizaxe	Grao de consecución				
	1	2	3	4	5
IAEEB3.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e indica as esixencias de capital e responsabilidades propias de cada tipo.					
IAEEB3.1.2. Identifica e enumera as administracións públicas implicadas na posta en marcha de empresas, e compila por vía telemática os principais documentos necesarios para a posta en funcionamento.					
IAEEB3.1.3. Valora as tarefas de apoio, rexistro, control e fiscalización que realizan as autoridades no proceso de creación de empresas, e describe os trámites que se deben realizar.					
IAEEB3.1.4. Selecciona a forma xurídica máis axeitada en cada caso segundo a actividade que se vaia desenvolver, o número de emprendedores/as, o alcance da responsabilidade que se vaia asumir, a complexidade organizativa, a dispoñibilidade financeira e a fiscalidade.					
IAEEB3.2.1. Determina os investimentos necesarios para a posta en marcha dunha empresa, e distingue as principais partidas relacionadas nun balance de situación.					
IAEEB3.2.2. Caracteriza de xeito básico as posibilidades de financiamento das empresas, diferenciando o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa.					
IAEEB3.3.1. Presenta un estudo de viabilidade económico-financieiro a medio prazo do proxecto de empresa, aplicando condicións reais de produtos financeiros analizados e previsións de vendas, segundo un estudo do ámbito mediante unha aplicación informática tipo folla de cálculo, manexando razóns financeiras básicas.					
IAEEB3.3.2. Analiza os produtos financeiros máis axeitados de entre as entidades financeiras do ámbito para cada tipo de empresa, valorando o custo e o risco de cada un, e selecciona os máis acaídos para o proxecto de empresa.					
<input type="checkbox"/> IAEEB3.3.3. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa actividade e a súa forma xurídica, sinala o funcionamento básico do IAE, IVE, IRPF e IS, e indica as principais diferenzas entre eles.					
IAEEB3.3.4. Valora a achega que supón a carga impositiva das empresas á riqueza nacional e ao sostemento das cargas do Estado.					

ANEXO IV

Programación de actividades diarias de aula

Nos meses de setembro a decembro impartirase o bloque 1, “autonomía persoal, liderado e innovación”.

- Emprendedores e empresarios
- Intereses, aptitudes, motivación
- Itinerarios profesionais
- Normas laborais
- Seguridade social
- Prevención de riscos laborais

Nos meses de xaneiro a marzo impartirase o bloque 2, “proxecto de empresa”.

- A idea
- A empresa
- As funcións na empresa

Nos meses de abril a xuño impartirase o bloque 3, “finanzas”.

- Forma xurídica da empresa
- Posta en marcha
- Fontes de financiamento
- Planificación financeira
- Fiscalidade

ANEXO V

Modelo para a avaliación extraordinaria

TEST DE COÑECEMENTOS

Indica cal das respostas é a correcta:

(as respostas correctas suman 0,5 puntos, as respostas erróneas descuentan 0,125 puntos)

1. O risco do empresario é
 - a) A conflitividade laboral.
 - b) Non acadar un nivel de vendas suficiente.
 - c) Que se produzan ingresos e gastos atípicos .
 - d) Ningunha é correcta.

2. A Responsabilidade Social Corporativa
 - a) Persegue recoller información obxectiva e medible, sobre as necesidades do contorno da empresa.
 - b) Basease na observación e análise das motivacións e desexos das persoas.
 - c) Busca un equilibrio entre a necesidade de obter beneficios e o impacto social e ambiental das súas actividades.
 - d) Ningunha é correcta.

3. Por segmento de mercado entendemos
 - a) Posibles futuros clientes do produto da empresa.
 - b) Clientes potenciais da empresa cuxas necesidades non se atopan cubertas polo mercado.
 - c) Grupo de clientes potenciais con características semellantes.
 - d) Ningunha definición é correcta.

4. Cal das seguintes afirmacións é correcta?
 - a) A margarina e a marmelada son produtos substitutivos.
 - b) As impresoras e os cartuchos de tinta son produtos complementarios.
 - c) Os embutidos e o viño son produtos substitutivos.
 - d) Ningunha é correcta.

5. Unha mostra é

- a) Unha fonte de información secundaria.
 - b) Un conxunto de individuos representativo dunha poboación.
 - c) Un segmento do mercado.
 - d) Todas son correctas.
6. Unha investigación do mercado pode ser
- a) Primaria ou secundaria.
 - b) Cuantitativa ou cualitativa.
 - c) Complementaria ou substitutiva.
 - d) Todas son correctas.
7. Como se denomina a estratexia de prezos altos dirixida a obter beneficios rápidos?
- a) Estratexia de prezos de penetración.
 - b) Estratexia de prezos de prestixio.
 - c) Estratexia de prezos psicolóricos.
 - d) Estratexia de prezos de descremación.
8. Cal é a consecuencia normal do aumento de prezos dun produto?
- a) Aumenta a cantidade ofertada.
 - b) Aumenta a cantidade demandada.
 - c) Diminúe a cantidade ofertada.
 - d) Ningunha é correcta.
9. Para establecer o prezo dun produto debemos ter en conta
- a) Os custos de produción.
 - b) A percepción do consumidor.
 - c) Os prezos da competencia.
 - d) As tres son correctas.
10. A característica principal dun mercado de competencia perfecta é que
- a) Hai moitos consumidores pero poucos oferentes.
 - b) Hai poucos consumidores e poucos oferentes polo que se anulan entre eles.
 - c) Os comportamentos individuais non afectan ao prezo de equilibrio.
 - d) Ningunha é correcta.

11. Indica a resposta correcta:

- a) O traballador autónomo economicamente dependente realiza unha actividade económica por conta propia facturando a diversos clientes.
- b) O traballador autónomo traballa para unha empresa sen estar asegurado.
- c) O traballador economicamente dependente non pode contratar máis de 10 empregados.
- d) O traballador autónomo economicamente dependente percibe a maior parte dos seus ingresos do mesmo cliente.

12. Indica a resposta correcta:

- a) A vantaxe dos traballadores autónomos é que non teñen que pagar o IRPF.
- b) A desvantaxe dos traballadores autónomos é que pagan o imposto de sociedades.
- c) A vantaxe dos traballadores autónomos é que non teñen empregados.
- d) A desvantaxe dos traballadores autónomos é que teñen que pagar o IRPF.

13. Indica a resposta correcta:

- a) O empresario individual non necesita un capital mínimo para crear a súa empresa.
- b) O empresario individual ten responsabilidade ilimitada polas débedas da empresa.
- c) As sociedades laborais requiren un mínimo de tres socios, dos que dous deben ser traballadores.
- d) Todas son correctas.

14. Indica a resposta correcta:

- a) As cooperativas de primeiro grao están formadas por persoas xurídicas.
- b) Para formar unha cooperativa de primeiro grao requírese un mínimo de dous socios.
- c) Nas sociedades laborais hai socios traballadores e socios industriais.
- d) Ningunha é correcta.

15. Respecto dos tipos de responsabilidade:

- a) Subsidiaria significa que primeiro responde a empresa polas súas débedas e en segundo lugar os socios.

- b) Solidaria significa que se pode esixir o pago das débedas a todos e cada un dos socios.
- c) Ilimitada significa que os socios responden das débedas sociais con todos os seus bens presentes e futuros.
- d) Todas son correctas.

16. Indica a resposta correcta:

- a) Custo de produción é o valor monetario dos factores produtivos utilizados no proceso de produción.
- b) Custo de produción é o valor dos salarios dos traballadores pagados no proceso de produción.
- c) Custo de produción é o prezo de venda do produto.
- d) Custo de produción é o valor monetario da produción.

17. Que nos indica o umbral de rendibilidade dunha empresa?:

- a) O volume de ingresos da empresa.
- b) A cantidade de vendas na que o custo medio igualase ao custo variable.
- c) Os ingresos da empresa que superan aos custos.
- d) A cantidade de vendas na que os custos e os ingresos son iguais.

18. A cadea de valor:

- a) Representa o aumento da utilidade dun ben nas distintas fases do proceso produtivo.
- b) Representa a creación de valor nas distintas fases do proceso produtivo dun ben.
- c) Representa o aumento da capacidade de satisfacción de necesidades dun ben nas distintas fases do proceso produtivo.
- d) Todas son correctas.

19. Para constituír unha cooperativa:

- a) Debemos inscribirla no Rexistro Mercantil..
- b) É suficiente con facer unha escritura pública, porque non busca o beneficio.
- c) Faremos unha escritura pública e a inscribiremos no Rexistro Mercantil.
- d) Ningunha é correcta.

20. Para constituír unha sociedade limitada:

- a) Debemos aportar 60 000 €
- b) É suficiente con facer unha escritura pública, porque non busca o beneficio.
- c) Faremos unha escritura pública e a inscribiremos no Rexistro Mercantil.
- d) Ningunha é correcta.

PRÁCTICA

Expón o proxecto de empresa que elaboraches na materia, de acordo cos seguintes apartados:

- Identificación do proxecto
 - Posible evolución por niveis (nivel 1: corto prazo, nivel 2: medio prazo, nivel 3: longo prazo). 0,5 puntos
 - Identificación do microcontorno e do macrocontorno (exemplos) 0,5 puntos
 - Viabilidade do proxecto: análise externo de ameazas e oportunidades detectadas e análise interno de fortalezas e debilidades 2,0 puntos
 - Conclusión coherente coa análise anterior (estratexia a seguir) 1,0 punto
- A claridade da exposición e das ideas valorarase ata un máximo de 1,0 punto

CASOS PRÁCTICOS (0,5 puntos cada apartado)

I. No exercicio económico correspondente ao ano 2017 unha empresa fabricante de balóns de fútbol alcanzou unha produción de 352 000 unidades. No departamento de produción esta empresa conta cun cadro de persoal de 50 empregados. A xornada laboral diaria destes traballadores é de 8 horas e traballan 220 días ao ano. No exercicio seguinte o cadro de persoal reduciuse en 10 traballadores e a empresa obtivo unha produción de 422 400 unidades. Tendo en conta esta información:

- a) Calcular a produtividade media do traballo en cada un dos exercicios.
- b) Determinar a taxa de variación da produtividade entre os dous exercicio.
- c) Comentar o significado dos resultados dos apartados anteriores e mencionar algunha das razóns que poderían explicar a variación estimada da produtividade.

II. Dada a seguinte información sobre os custos de produción dunha empresa:

Produción (uds)	0	1	2	3	4	5	6	7	8
-----------------	---	---	---	---	---	---	---	---	---

Custos totais (€)	50	60	68	74	78	90	104	155	210
--------------------	----	----	----	----	----	----	-----	-----	-----

- a) Determinar os custos fixos e variables para cada nivel de produción e representalos graficamente.
- b) Calcular os custos totais medios para cada nivel de produción. Comentar a relación entre a evolución dos custos medios e o nivel de produción.
- c) Determinar os custos marxinais para cada nivel de produción e comentar o resultado.

III. Unha empresa, que fabrica cadeiras véndeas a un prezo de 35 € cada unidade. Os custos fixos de fabricación ascenden a 2500 € anuais e o custo variable unitario de cada cadeira é de 15 €.

- Indica a partir de que número de cadeiras a empresa acada beneficios.
- Explica os resultados obtidos.

IV. A empresa CARSA, dedicada á fabricación de automóbiles, ten que tomar a decisión de fabricar ela mesma os volantes para os coches ou comprarllos a unha empresa auxiliar (a empresa auxiliar véndelle cada volante a un prezo de 400 euros). Se CARSA decide fabricar ela mesma os volantes, incorre nuns custos fixos de 30 000 euros ao ano e cada volante que fabrique terá un custo variable medio de 150 euros. Pídese:

- Que decisión debe tomar se a súa produción é de 145 coches ao ano? Razona a resposta.
- Baseándote nunha representación gráfica explica a partir de que nivel de produción á empresa lle resulta preferible fabricar os seus propios volantes.

ANEXO VI

Rúbrica para a avaliación do proxecto de empresa

	VALORACIÓN TOTAL MÁXIMA		PUNTUACIÓN	
	CONTIDOS	EXPOSICIÓN	CONTIDOS	EXPOSICIÓN
Presentación do proxecto e dos promotores (0,45)				
Idea	0,25			
Identificación dos promotores	0,05			
Xustificación do proxecto	0,15			
Estudo de mercado (1,3 puntos)				
2.1. Contorno xeral	0,2			
2.2. Contorno específico	0,2			
2.3. Análise D.A.F.O.	0,3			
2.4 Análises da competencia	0,2			
2.5. Provedores	0,2			
2.6. Localización da empresa	0,2			
3. Cultura empresarial e responsabilidade social corporativa (RSC) (0,2 puntos)				
3.1. Misión, visión e valores dos promotores	0,1			
3.2. Medidas de cumprimento da RSC	0,1			
4.- Plan produtivo (4,1 puntos)				
"4.1. Proceso produtivo	1,2			
4.2. Traballos a realizar para implantación	1,2			
4.3. Equipos necesarios	1,2			
4.4. Aprovisionamento – Almacén	0,5			
5. Plan de marketing (0,4 puntos)				
5.1. Determinación dos produtos ou servizos	0,1			
5.2. Fixación de prezos. Estratexias	0,1			
5.3. Promoción	0,1			
5.4 Atención o cliente	0,1			
6. Plan de recursos humanos (0,6 puntos)				
6.1. Organigrama da empresa	0,2			
6.2. Departamentos, postos de traballo e funcións	0,2			
6.3. Selección e contratación do persoal	0,2			
7. Plan económico e Financeiro (1 punto)				
7.1. Análise de custes. Custes Fixos	0,2			
7.1.1. Análise de custes. Custes variables	0,2			
7.1.2. Limiar de rendibilidade e prezo de venda	0,2			

7.2. Orzamento, inversión inicial e gastos iniciais.	0,2			
7.3. Plan de financiamento	0,2			
8. Plan de Prevención de Riscos Laborais (0,6 puntos)				
8.1. Factores de riscos. Avaliación. Medidas de prevención e protección	0,2			
8.2. Ámbito legal	0,2			
8.3. Plan de emerxencias	0,2			
9. Control de calidade (0,75 puntos)				
9.1.-Ten en conta o control de calidade na elaboración do ben ou una prestación do servizo	0,75			
10. Lexislación e normativa relacionada co sector (0,3 puntos)				
10.1. Lexislación e normativa relacionada co sector	0,3			
11. Planificación temporal e posta en marcha. (0,2 puntos)				
11.1. Planificación temporal e posta en marcha	0,2			
12. Bibliografía e webgrafía. (0,1 puntos)				
12.1. Bibliografía e webgrafía	0,1			
VALORACIÓN DA EXPOSICIÓN DO PROXECTO				
13.-Presentación (power point) (4 puntos)				
13.1.-Extensión adecuada da exposición		1,5		
13.2.-Sincronización		1,5		
13.3.-Información complementaria adecuada (gráficos, fotos, etc)		1		
14.-Claridade (5 puntos)				
14.1.-Toca todos os puntos do proxecto		2		
14.2.-Fluidez na presentación		1		
14.3.-Reparto de tempo equilibrado		2		
15.-Valoración das respostas ás preguntas formuladas (1 punto)				
15.1.-Responde axeitadamente as preguntas		1		
PUNTUACIÓN PARCIAL	10	10		
PUNTUACIÓN GLOBAL DO PROXECTO (media das anteriores)	10			

ANEXO VII

Enquisa de satisfacción

Como cualificarías os contidos que aprendiches no desenvolvemento da materia?:

Moi malos	Regulares	Aceptables	Bos	Moi bos

Como cualificarías o método aplicado na materia?:

Moi malo	Regular	Aceptable	Bo	Moi bo

O que estivo ben:

--

O que estivo mal:

--

Propostas de mellora:



Programación didáctica da materia de Economía de 4º da ESO

2022- 2023

ÍNDICE:

Normativa	88
i. Introducción e contexto	
ii. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave	90
iii. Concreción dos obxectivos para cada curso	95
iv. Concreción para cada estándar de aprendizaxe:	97
1. Temporalización	
2. Grao mínimo de consecución para superar a materia	
3. Procedementos e instrumentos de avaliación	
v. Concrecións metodolóxicas que require a materia	101
vi. Materiais e recursos didácticos	102
vii. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado	103
viii. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente	105
ix. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencias dos seus resultados	108
x. Medidas de atención á diversidade	108
xi. Procedemento de avaliación continua	108
xii. Procedemento de avaliación extraordinaria	108
xiii. Procedemento para o seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	108

xiv. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente	109
xv. Indicadores de logro para avaliar a propia programación	110
xvi. Actividades complementarias e extraescolares	110
xvii. Accións de contribución ao proxecto lector	110
xviii. Accións de contribución ao proxecto TIC	111
xix. Accións de contribución ao plan de convivencia	112
xx. Información ao alumnado e ás familias	112
xxi. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora	112
Anexo I: Avaliación inicial	114
Anexo II: Modelo de test de coñecementos	115
Anexo III: Modelo de rexistro de capacidades adquiridas	119
Anexo IV: Programación de actividades diarias na aula	122
Anexo V: Modelo de proba para a avaliación extraordinaria	128
Anexo VI: Enquisa de satisfacción do alumnado	133

Normativa

1. Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
2. Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Orde ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.

i. Introdución e contexto.-

A formación en economía faise necesaria nun contexto globalizado, no que as relacións entre os axentes económicos e sociais son cada día máis complexas. A consideración do comportamento económico das persoas na procura da satisfacción das súas necesidades, así como da produción e da organización dos bens e os servizos necesarios, e da distribución dos recursos escasos facilitan a comprensión da realidade social.

Calquera persoa necesita coñecer as regras básicas que explican os acontecementos económicos e a linguaxe específica utilizada por economistas e medios de comunicación para analizar eses feitos. O estudo da economía axuda a percibir e a coñecer o mundo, e posibilita analizar e afondar nas relacións humanas, facilita a comprensión dos conceptos utilizados habitualmente na análise económica e empresarial, serve para potenciar destrezas de razoamento, abstracción e interrelación, e proporciona ferramentas para examinar de xeito crítico a sociedade. E contribúe tamén a desenvolver a curiosidade intelectual, a capacidade analítica, o rigor e a amplitude de perspectivas á hora de indagar no coñecemento de variables como o crecemento, a pobreza, a educación, a saúde, a riqueza, o ambiente, etc. Proporciona importantes coñecementos matemáticos e estatísticos, habilidades de comunicación

oral e escrita para explicar e transmitir ideas e conclusións, con argumentos e evidencias empíricas, sentido da ética e respecto polo ser humano, así como unha intensa capacidade de traballo, tanto individual como en equipo.

O enfoque empregado pola economía na resolución dos problemas sociais distínguena das restantes ciencias sociais.

A materia de 4º de ESO distribúese en seis bloques que permiten o estudo da economía como ciencia e do papel dos axentes económicos. No bloque 1 ("Ideas económicas básicas") recóllense aspectos relativos aos principios económicos, á terminoloxía propia e á metodoloxía da ciencia económica. No bloque 2 ("Economía e empresa") analízase o papel e o funcionamento do/da axente de empresas na economía. O seguinte bloque ("Economía persoal") está dedicado ao estudo da transcendencia das decisións económicas na vida das persoas. O cuarto bloque ("Economía e ingresos e gastos do Estado") repasa o papel estatal no funcionamento económico a través da análise dos seus ingresos e gastos. No quinto bloque ("Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego") repásanse os aspectos máis salientables da economía financeira e a súa repercusión na actividade económica e o nivel de emprego. E para rematar, o bloque de "Economía internacional" fai un breve repaso do funcionamento do sector exterior da economía con especial fincapé nas repercusións da integración económica e da globalización.

A grande transcendencia social da economía queda reflectida na súa contribución ao fomento da mellora na calidade de vida, ao progreso e ao benestar social. Os coñecementos económicos teñen cada día máis valor, pola importancia de contar cunha cidadanía formada e pola relevancia dunha boa administración dos recursos públicos.

O estudo da economía proporciona, xunto coa formación técnica, competencias lingüísticas e de comunicación, matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, sociais e cívicas, así como sentido da iniciativa e espírito emprendedor.

A materia impártese a un grupo de nove rapaces e rapazas que teñen o obxectivo de continuar os seus estudos cursando o bacharelato de ciencias sociais, proveñen tanto do ámbito rural como do urbano e non amosan dificultades de aprendizaxe.

ii. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.-

Partindo da lexislación vixente, e en concreto do Decreto 86/2015, polo que se establece o currículo de Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, temos 7 Competencias Básicas que están intimamente ligadas aos estándares de aprendizaxe de cada unha das materias do noso Departamento. A adquisición desas sete competencias, que avaliaremos de xeito integrado cos estándares de aprendizaxe, permitirá ao alumnado resolver axeitadamente os problemas e realizar as actividades.

As Competencias Clave son:

1ª) Comunicación lingüística (CCL): A lingua é o principal elemento para poder organizar o pensamento, aprender e explicar, pois nos permite describir, narrar, argumentar, comunicarnos cos demais, adquirir un vocabulario xeral e específico de cada materia. Para adquirila precísase obter un dominio das habilidades de ler e escribir diferentes tipos de textos, nos que aumentará a complexidade de acordo coa evolución escolar do alumnado, textos fundamentais como elementos de información social, histórica e económica. Trátase de ser capaces de expoñer clara e sistematicamente as ideas, argumentando con rigor e precisión.

2ª) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT): É básica para a comprensión espazo-temporal que o alumnado deberá conseguir. Permite cuantificar e tratar a información recibida ou atopada por medio da investigación, axuda a obter conclusións. Contribúe a facilitar a transformación entre os saberes teóricos, e os saberes prácticos. En economía interprétanse escalas numéricas e gráficas, procésase información cuantitativa de táboas, listaxes, gráficos e mapas. Sendo necesario realizar distintas operacións e cálculos matemáticos.

3ª) Competencia dixital (CD): O uso e dominio das TICs é fundamental para poder desenvolvernos na sociedade da información, pois permite que nos comuniquemos, axilizar intercambios, obter información de ámbitos moi afastados, aplicar técnicas de traballo cooperativo...Pero ao tempo ten os seus problemas no caso de que non sexa aplicada de xeito correcto por parte do alumnado, dado que non estamos falando exclusivamente de que aprendan a empregalas de xeito mecánico, senón que precisan saber para que empregalas, como empregalas e sobre todo precisan ter a capacidade para procesar seleccionando a inxente información e desinformación existente.

4ª) Aprender a aprender (CAA): O alumnado que se iniciou na aprendizaxe na educación secundaria precisa continuar a súa progresión na mesma aprendizaxe e avanzar no grao de autonomía. Precisa obter ferramentas que faciliten a aprendizaxe e sobre todo precisa ser consciente do que sabe e coñece, e da capacidade ou dos problemas e necesidades que ten para avanzar no proceso.

5ª) Competencias sociais e cívicas (CSC): As Ciencias Sociais son básicas para o desenvolvemento desta competencia por diversas razóns. Facilitan as relacións entre as persoas, os pobos e os grupos sociais permitindo comprender realidades distintas. É ben coñecido o papel que as Ciencias Sociais, en particular da ciencia económica, xogaron na conformación das identidades sociais e territoriais. Este coñecemento debe ir intimamente relacionado coa capacidade de crítica, autocrítica. O alumnado debe comprender que o futuro persoal e colectivo depende das decisións e actuacións das persoas.

6ª) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE): Esta competencia ten por obxectivo principal adquirir a capacidade para transformar as ideas en actos. Sendo quen de asumir que a actuación individual é fundamental para avanzar pero que ao vivir en sociedade todas as persoas actuamos individual e colectivamente. Nas ciencias sociais, en particular, na ciencia económica, compróbase como a evolución da humanidade depende de decisións individuais e colectivas.

7ª) Conciencia e expresións culturais (CCEC)

Co obxecto de podermos ponderar o peso que ten cada unha das sete competencias clave precisamos elaborar un perfil de competencias de cada unha das materias e niveis.

	4ºESO
	46 ESTÁNDARES
CCL	15 (32,61%)
CMCCT	23 (50%)
CD	20 (43,48%)
CAA	17 (36,96%)
CSC	23 (50%)
CSIEE	3 (6,52%)
CCEC	---

Nesta última fase da Educación Secundaria Obrigatoria, o alumnado precisa afinzarr a autonomía que lle permita organizar o seu estudo e o coñecemento de xeito que a función do profesorado pase a ser cada vez máis a de guía, A importante presenza da competencia social e cívica, que se dará nesta materia débese ás características propias da mesma como unha ciencia social.

COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER

PROCESO	ESTÁNDARES PRIORITARIOS	RÚBRICA DO NIVEL DE LOGRO			
		3	2	1	0
Organizar o propio proceso de aprendizaxe en grupo (traballo cooperativo) ou individualmente					
Adquirir, procesar e asimilar novos coñecementos e capacidades.					
Buscar orientacións e facer uso delas					
Apoiarse en experiencias vitais e aprendizaxes anteriores e aplicalos en situacións novas					
Ter motivación e confianza nas propias posibilidades.					

COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

PROCESO	ESTÁNDARES PRIORITARIOS		NIVEL DE LOGRO oral e escrito	
	Expresión oral códigos estándares	Expresión escrita códigos estándares		
Planificar			ORAL	
			ESCRITO	
Crear un texto coherente	[4º-ECB3.4.1] ,	[4º-ECB3.4.1] ,	ORAL	2.-Expón as ideas principais dun xeito bastantecoherente.
			ESCRITO	2.- Existe un erro puntual na estrutura textual ou naprogresión da información ou na correcta organización en parágrafos
Cohesionar ideas	[4º-ECB3.4.1] ,	[4º-ECB3.4.1] ,	ORAL	2.-Expón as ideas principais dun xeito bastantecoherente aportando detalles relevantes do tema.
			ESCRITO	2.-Existe un máximo de seis erros en total no uso dosconectores (sinónimos, marcadores do discurso, pronomes conxuncións, ...) e nossignos de puntuación
Adecuarse ó contexto	[4º-ECB3.4.1] ,	[4º-ECB3.4.1] ,	ORAL	2.-Trata a maioría dos puntos esixidos, case todocontido é pertinente, comete defectos leves no rexistro
			ESCRITO	2.- Trata a maioría dos puntos esixidos, case todo ocontido é pertinente,comete defectos leves no rexistro.
Presentación	X	[4º-ECB3.4.1] ,	ESCRITO	.2.- Destaca os títulos das partes principais, apoia congráficos pero non con estadísticas relevantes.
Fluidez e interacción oral	[4º-ECB3.4.1] ,	X	ORAL	2.- Fala con claridade, pero non sempre se lle escoitaben. Pronuncia e modula en xeral ben. Mantén unha expresión corporal bastanteaxeitada.
Revisión dos textos			ORAL	

Nivel	Área	Estándares
4º	EC	4º-ECB3.4.1 - Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria.

COMPETENCIA EN MATEMÁTICA, CIENCIA E TECNOLOXÍA		
PROCESO	ESTÁNDARES PRIORITARIOS	NIVEL DE LOGRO
Coñece re reprodu cir	Acceso e identificación	[4º-ECB1.3.1] , [4º-ECB1.2.3] , [4º-ECB2.2.1] , [4º- ECB4.3.2] , [4º-ECB5.1.2] ,
	Comprensión	[4º-ECB1.3.1] , [4º-ECB1.2.3] , [4º-ECB2.2.1] , [4º- ECB4.3.2] , [4º-ECB5.1.2] ,

PERFIL COMPETENCIAL DE ESTÁNDARES PRIORITARIOS		
Competencia Clave:		Matemática, ciencia e tecnoloxía
Niv el	Área	Estándares
4º	EC	4º-ECB1.2.3 - Representa e analiza graficamente o custo de oportunidade mediante a fronteira de posibilidades de produción.
4º	EC	4º-ECB1.3.1 - Representa as relacións que se establecen entre as economías domésticas e as empresas.
4º	EC	4º-ECB2.2.1 - Analiza os tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía.
4º	EC	4º-ECB2.4.1 - Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados.
4º	EC	4º-ECB4.3.2 - Interpreta gráficos representativos da distribución da renda
4º	EC	4º-ECB5.1.2 - Explica o funcionamento dos tipos de interese e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía.

As competencias van unidas a determinados estándares, por tanto a avaliación realizarase de xeito integrado, sendo conscientes de que hai unha diferenza entre avaliar estándares, e máis no caso dos estándares concretos, e avaliar competencias; para avaliar estas últimas realizaremos fundamentalmente un traballo de observación e anotación do comportamento e da evolución do alumnado ao longo do curso escolar, e nalgún caso poderanse empregar rúbricas para avaliar algunha destreza ou competencia concreta. Teremos en conta

- O desenvolvemento dos contidos pois que mostra o nivel de desempeño acadado en cada unha das competencias.

- O dominio da lingua oral e escrita en contextos diversos. A expresión de pensamentos, vivencias, emocións e opinións, a coherencia no discurso, a capacidade de escoitar e de dialogar, de ler e de expresarse oralmente e por escrito

- O emprego de razoamentos matemáticos e científicos. Coñecer e manexar os elementos matemáticos básicos en situacións reais ou simuladas da vida cotiá, e por en practica procesos de razoamento que leven á solución dos problemas, á obtención de información ou á toma de decisións.

- A autonomía e eficacia no tratamento crítico da información. O emprego das tecnoloxías da información e a comunicación para organizar e procesar información, e para a resolución de problemas de forma eficiente, mostrando unha actitude crítica e reflexiva.

- A participación social e a valoración da democracia, mostrando respecto polos demais. Valorando e respectando todas as culturas e valorizando a cultura galega.

- Ser quen de traballar individualmente en grupo reducido e en grupo amplo, e ser quen de asumir diversas funcións nun grupo de traballo.

iii. Concreción dos obxectivos para cada curso.-

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permitan conseguir os seguintes obxectivos:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i. Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural, coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes a cultura e sociedade galega ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara o exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes a comunidade lusófona.

iv. Concreción para cada estándar de aprendizaxe.-

2. Competencias clave.

3. Temporalización.

4. Grao mínimo de consecución para superar a materia.

5. Procedementos e instrumentos de avaliación.

A materia de Economía desenvolve as competencias clave como se detalla deseguido: A comunicación lingüística desenvólvese a través do uso do vocabulario específico da materia, da realización de produción escrita e da exposición oral dos razoamentos lóxicos aos que se chegue en cada situación. A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía desenvolveranse nomeadamente coa resolución de problemas de calquera índole mediante o razoamento lóxico. Compre sinalar que a economía e a competencia matemática van moi unidas pola súa propia natureza. A competencia dixital vaise desenvolver co frecuente emprego das TIC na procura e no almacenamento de información. Aprender a aprender é unha competencia de forte presenza na economía, pois son necesarios constantes procesos de análise e reflexión do alumnado. As competencias sociais e cívicas alcanzaranse a través da realización das actividades de xeito cooperativo, procurando que o alumnado traballe en grupo e interactúe respectando as normas do traballo cooperativo. O sentido de iniciativa e espírito emprendedor conséguense nesta materia a través do desenvolvemento da creatividade, do esforzo persoal e da capacidade de análise. A conciencia e expresións

culturais vanse traballar a través da análise da evolución histórica da economía e da súa influencia nas diferentes fases de desenvolvemento social.

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización			Grao mínimo de consecución para superar a materia
		1ºT	2ºT	3ºT	
B1.1. Explicar a economía como ciencia social e valorar o impacto permanente das decisións económicas.	ECB1.1.1. Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de calquera economía e comprende que todas as eleccións supoñen renunciar a outras alternativas e que todas as decisións teñen consecuencias	X			Recoñece os custos de oportunidade dunha decisión de consumo.
	ECB1.1.2. Distingue formas de analizar e resolver problemas económicos, e identifica as súas vantaxes, os seus inconvenientes e as súas limitacións.	X			Identifica o razoamento económico.
B1.2. Identificar a terminoloxía económica básica e o uso dos modelos económicos, e familiarizarse con eles.	ECB1.2.1. Comprende e utiliza correctamente termos da área da economía.	X			Utiliza vocabulario económico
	ECB1.2.2. Diferenza entre economía positiva e economía normativa.	X			Distingue un feito dunha opinión.
	ECB1.2.3. Representa e analiza graficamente o custo de oportunidade mediante a fronteira de posibilidades de produción.	X			Recoñece os custos de oportunidade dunha decisión de fabricación.
B1.3. Tomar conciencia dos principios da economía para aplicar nas relacións económicas básicas cos condicionantes de recursos e as necesidades	ECB1.3.1. Representa as relacións que se establecen entre as economías domésticas e as empresas.	X			Identifica o fluxo circular da renda.
	ECB1.3.2. Aplica razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas do seu contorno.	X			Utiliza razoamentos económicos.
B2.1. Describir os tipos de empresas e as formas xurídicas das empresas e relacionar con cada unha coas súas esixencias de capital e as responsabilidades legais dos/das propietarios/as e xestores/as, así como as interrelacións das empresas no seu contorno inmediato.	ECB2.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónaas coas esixencias de capital para a súa constitución e coas responsabilidades legais para cada tipo.	X			Diferenza o traballador autónomo das sociedades.
	ECB2.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresas máis apropiadas en cada caso, en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas.	X			Diferenza o traballador autónomo das sociedades.
	ECB2.1.3. Distingue os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu ámbito, así como a forma de interactuar co seu contorno máis próximo e os efectos sociais e ambientais, positivos e negativos, que se observan.	X			Diferenza o traballador autónomo das sociedades.
B2.2. Analizar as características principais do proceso produtivo.	ECB2.2.1. Analiza os tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía.	X			Identifica o concepto de produtividade.
	ECB2.2.2. Identifica os sectores económicos, así como os seus retos e as súas oportunidades.	X			Clasifica as actividades en sectores.

B2.3. Identificar as fontes de financiamento das empresas.	ECB2.3.1. Explica as posibilidades de financiamento das empresas e diferenza o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa.	X			Identifica as fontes de recursos financeiros.
B2.4. Determinar, para un caso sinxelo, a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio.	ECB2.4.2. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados.	X			Calcula o beneficio como diferenza entre ingresos e custos.
B2.5. Diferenciar os impostos que afectan as empresas e a importancia do cumprimento das obrigas fiscais.	ECB2.5.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa forma xurídica e as actividades, e sinala o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas entre eles.	X			Diferenza entre IRPF e Imposto sobre sociedades.
	ECB2.5.2. Valora a achega que para a riqueza nacional supón a carga impositiva que soportan as empresas.	X			Identifica os impostos como parte substancial dos ingresos públicos.
B3.1. Realizar un orzamento persoal distinguindo entre os tipos de ingresos e gastos, e controlar o seu grao de cumprimento e as posibles necesidades de adaptación.	ECB3.1.1. Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento.		X		Planifica un proxecto de gasto utilizando unha "folla de cálculo".
	ECB3.1.2. Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado.		X		Planifica un proxecto de gasto utilizando unha "folla de cálculo".
	ECB3.1.3 Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas.		X		Planifica un proxecto de gasto utilizando unha "folla de cálculo".
B3.2. Decidir con racionalidade ante as alternativas económicas da vida persoal, e relacionalas co benestar propio e social.	ECB3.2.1. Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa, de acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional.		X		Planifica un proxecto de gasto utilizando unha "folla de cálculo".
B3.3. Expresar unha actitude positiva cara ao aforro, e empregar o aforro como medio para alcanzar diversos obxectivos.	ECB3.3.1. Recoñece e explica a relevancia do aforro e control do gasto.		X		Utiliza razoamentos económicos.
	ECB3.3.2. Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco e seleccionando a decisión máis axeitada para cada momento.		X		Calcula o custo financeiro dun gasto financiado.
B3.4. Recoñecer o funcionamento básico do diñeiro e diferenciar os tipos de contas bancarias e de tarxetas emitidas como medios de pagamento, e valorar a oportunidade do seu uso con garantías e responsabilidade.	ECB3.4.1. Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria.		X		Identifica os principais produtos bancarios utilizados polos cidadáns.
	ECB3.4.2. Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos.		X		Identifica os principais produtos bancarios utilizados polos cidadáns.
	ECB3.4.3. Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas.		X		Identifica os principais produtos bancarios utilizados polos cidadáns.

	ECB3.4.4. Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa.		X		Identifica os principais produtos bancarios utilizados polos cidadáns.
B3.5. Coñecer o concepto de seguro e a súa finalidade.	ECB3.5.1. Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida.		X		Identifica os principais seguros utilizados polos cidadáns.
B4.1. Recoñecer e analizar a procedencia das principais fontes de ingresos e gastos do Estado, e interpretar gráficos onde se amose esa distribución.	ECB4.1.1. Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comenta as súas relacións.		X		Identifica a necesidade dos ingresos e gastos públicos.
	ECB4.1.2. Analiza e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e os gastos do Estado.		X		Extrae conclusións de informacións económicas básicas.
	ECB4.1.3. Distingue nos ciclos económicos o comportamento dos ingresos e dos gastos públicos, así como os efectos que se poden producir ao longo do tempo..		X		Identifica a necesidade dos ingresos e gastos públicos.
	ECB4.1.4. Describe o contido dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución.		X		Identifica a necesidade dos ingresos e gastos públicos.
B4.2. Diferenciar e explicar os conceptos de débeda pública e déficit público.	ECB4.2.1. Comprende e expresa as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce entre eles.		X		Recoñece os conceptos de débeda e déficit públicos.
B4.3. Determinar o impacto para a sociedade da desigualdade da renda e estudar as ferramentas da súa redistribución.	ECB4.3.1. Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta.		X		Identifica os conceptos de Renda e de Distribución.
	ECB4.3.2. Interpreta gráficos representativos da distribución da renda		X		Identifica os conceptos de Renda e de Distribución.
B5.1. Diferenciar as magnitudes de tipos de xuro, inflación e desemprego, analizar as relacións entre elas e interpretar datos e gráficos vinculados con esas magnitudes.	ECB5.1.1. Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.			X	Recoñece o concepto e os efectos da inflación.
	ECB5.1.2. Explica o funcionamento dos tipos de interese e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía.			X	Identifica o tipo de interese como o prezo do diñeiro.
	ECB5.1.3. Valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de xuro, inflación e desemprego.				X
B5.2. Valorar opcións de políticas macroeconómicas para facer fronte ao desemprego.	ECB5.2.1. Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.			X	Identifica as causas e os efectos do desemprego.
	ECB5.2.2. Analiza os datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego.			X	Coñece os datos sobre o desemprego.
	ECB5.2.3. Investiga e recoñece vieiros e tendencias de emprego.			X	Identifica as novas tendencias de emprego.

B6.1. Valorar o impacto da globalización económica, do comercio internacional e dos procesos de integración económica na calidade de vida das persoas e no ambiente.	ECB6.1.1. Valora o grao de interconexión das economías de todos os países do mundo e aplica a perspectiva global para emitir xuízos críticos.			X	Recoñece a globalización da economía.
	ECB6.1.2. Explica as razóns que xustifican o intercambio económico entre países e que inflúen nel.			X	Utiliza razoamentos económicos para explicar a necesidade dos intercambios.
	ECB6.1.3. Analiza e presenta acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional.			X	Relaciona a globalización económica cos sucesos económicos internacionais.
	ECB6.1.4. Recoñece e enumera vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea.			X	Recoñece vantaxes e inconvenientes na Unión Europea.
	ECB6.1.5. Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional, e analiza as posibilidades dun desenvolvemento sustentable.			X	Identifica a Responsabilidade Social das empresas no aspecto medioambiental.

v. concrecións metodolóxicas que require a materia.-

Exposición do tema por parte do profesor, con apoio da pantalla dixital para a visualización das correspondentes diapositivas da presentación.

Realización dos exercicios correspondentes a cada tema. O profesor resolverá un exercicio modelo de cada grupo de exercicios posibles e fará entrega de boletíns de exercicios para a súa resolución individual por parte dos alumnos, para a súa posterior corrección en clase.

Teranse en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e as súas características individuais e/ou estilos de aprendizaxe, co fin de conseguir que todo o alumnado acade o máximo desenvolvemento das súas capacidades.

Favorecerase a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e promover o traballo en equipo e para aplicar métodos de investigación apropiados.

Favorecerase o traballo individual e en grupo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación, así como a transferencia e aplicación do aprendido.

Utilizaranse as tecnoloxías da información e da comunicación como ferramenta necesaria para a aprendizaxe, tanto polo seu carácter imprescindible na educación superior, como pola súa utilidade e relevancia para a vida cotidia e a inserción laboral.

Procurarase que o alumnado adquira un manexo adecuado da información nos diferentes soportes utilizando distintas fontes, incluída a biblioteca escolar.

De acordo co establecido no proxecto lingüístico do centro impartirase a materia en lingua galega.

Como Anexo IV figura a programación de actividades diarias.

Vi Materiais e recursos didácticos.-

1. Pantalla dixital.
2. Ordenador portátil de aula.
3. Libro de texto:

“*Economía 4ºESO*” de Andrés Cabrea, Pablo Jurado e outros. Editorial SM. Proxecto Savia2016.

vii Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción do alumnado.-

As cualificacións do alumnado relaciónanse cos criterios de avaliación e cos estándares de aprendizaxe do seguinte xeito, por avaliacións:

Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe (56 estándares)	Cualificación
1º trimestre (16 estándares)	
ECB1.1.1. Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de calquera economía e comprende que todas as eleccións supoñen renunciar a outras alternativas e que todas as decisións teñen consecuencias	0,5
ECB1.1.2. Distingue formas de analizar e resolver problemas económicos, e identifica as súas vantaxes, os seus inconvenientes e as súas limitacións.	0,5
ECB1.2.1. Comprende e utiliza correctamente termos da área da economía.	0,5
ECB1.2.2. Diferenza entre economía positiva e economía normativa.	0,5
ECB1.2.3. Representa e analiza graficamente o custo de oportunidade mediante a fronteira de posibilidades de produción.	0,5
ECB1.3.1. Representa as relacións que se establecen entre as economías domésticas e as empresas.	0,5
ECB1.3.2. Aplica razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas do seu contorno.	1
ECB2.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónaas coas esixencias de capital para a súa constitución e coas responsabilidades legais para cada tipo.	0,5
ECB2.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresas máis apropiadas en cada caso, en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas.	0,5
ECB2.1.3. Distingue os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu ámbito, así como a forma de interactuar co seu contorno máis próximo e os efectos sociais e ambientais, positivos e negativos, que se observan.	0,5
ECB2.2.1. Analiza os tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía.	1
ECB2.2.2. Identifica os sectores económicos, así como os seus retos e as súas oportunidades.	0,5
ECB2.3.1. Explica as posibilidades de financiamento das empresas e diferenza o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa.	1
ECB2.4.2. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados.	1
ECB2.5.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa forma xurídica e as actividades, e sinala o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas entre eles.	0,5
ECB2.5.2. Valora a achega que para a riqueza nacional supón a carga impositiva que soportan as empresas.	0,5

2º trimestre (18 estándares)	
ECB3.1.1. Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento.	1
ECB3.1.2. Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado.	0,5
ECB3.1.3 Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas.	0,5
ECB3.2.1. Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa, de acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional.	0,5
ECB3.3.1. Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto.	1
ECB3.3.2. Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco e seleccionando a decisión máis axeitada para cada momento.	0,5
ECB3.4.1. Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria.	0,5
ECB3.4.2. Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos.	0,5
ECB3.4.3. Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas.	0,5
ECB3.4.4. Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa.	0,5
ECB3.5.1. Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida.	0,5
ECB4.1.1. Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comenta as súas relacións.	0,5
ECB4.1.2. Analiza e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e os gastos do Estado.	0,5
ECB4.1.3. Distingue nos ciclos económicos o comportamento dos ingresos e dos gastos públicos, así como os efectos que se poden producir ao longo do tempo..	0,5
ECB4.1.4. Describe o contido dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución.	0,5
ECB4.2.1. Comprende e expresa as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce entre eles.	0,5
ECB4.3.1. Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta.	0,5
ECB4.3.2. Interpreta gráficos representativos da distribución da renda	0,5
3º trimestre (11 estándares)	
ECB5.1.1. Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.	1

ECB5.1.2. Explica o funcionamento dos tipos de interese e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía.	1
ECB5.1.3. Valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de xuro, inflación e desemprego.	1
ECB5.2.1. Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.	1
ECB5.2.2. Analiza os datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego.	1
ECB5.2.3. Investiga e recoñece vieiros e tendencias de emprego.	1
ECB6.1.1. Valora o grao de interconexión das economías de todos os países do mundo e aplica a perspectiva global para emitir xuízos críticos.	1
ECB6.1.2. Explica as razóns que xustifican o intercambio económico entre países e que inflúen nel.	1
ECB6.1.3. Analiza e presenta acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional.	1
ECB6.1.4. Recoñece e enumera vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea.	0,5
ECB6.1.5. Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional, e analiza as posibilidades dun desenvolvemento sustentable.	0,5

Criteria de cualificación:

A cualificación final será a resultante das tres avaliacións, de acordo coa seguinte fórmula:

$$C1^{aaval} \cdot 4/10 + C2^{aaval} \cdot 4/10 + C3^{aaval} \cdot 2/10$$

Sendo “C1^{aaval}”, “C2^{aaval}”, e “C3^{aaval}” as cualificacións obtidas respectivamente na primeira, segunda e terceira avaliacións.

viii. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.-

INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO:

INDICADORES	Escala		
	1	2	3
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.			
Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.			
Conseguiuse motivar para lograr a actividade do alumnado.			
Conseguiuse a participación activa do alumnado.			
Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.			
Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.			
Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.			
Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.			
Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.			
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.			
Dáse un peso real á observación do traballo na aula.			
Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado na aula.			

INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE:

INDICADORES	Escala		
	1	2	3
Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado.			
Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individuais que precisa			

Elabóranse as actividades atendendo á diversidade.			
Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.			
Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.			
Combínase traballo individual e en equipo.			
Poténcianse estratexias de animación á lectura.			
Poténcianse estratexias de expresión e comprensión oral e escrita.			
Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe.			
Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.			
Ofrécese ao alumnado con rapidez o resultado de probas/traballos, etc.			

ix. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar.-

A avaliación inicial realizouse de acordo co modelo que figura como Anexo I desta programación, de resultas da mesma observase que 11 alumnos que cursan a materia teñen o obxectivo de continuar os seus estudos cursando o bacharelato de ciencias sociais, todos eles proveñen do ámbito rural e non amosan dificultades de aprendizaxe

Non se aprecia necesidade da adoptar medidas individuais ou colectivas relevantes.

x. Medidas de atención á diversidade.-

Como se indicou máis arriba, non se aprecia, unha vez realizada a avaliación inicial, que haxa necesidade da adoptar medidas individuais ou colectivas relevantes.

xi. Procedemento de avaliación continua.-

Diariamente rexistrárase a evolución dos alumnos mediante anotacións no rexistro de capacidades adquiridas, ben en base á observación ou ben en base á realización das diferentes probas previstas para cada estándar de aprendizaxe.

xii. Procedemento de avaliación extraordinaria.-

No suposto de que algún alumno non puidese ser avaliado de forma continua, deberá someterse a unha avaliación extraordinaria consistente na resolución dun test que compendie os estándares de aprendizaxe das tres avaliacións, semellante ao recollido no Anexo V.

xiii. Procedemento para o seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.-

Non hai alumnos coa materia de economía pendente.

xiv. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.-

Programación

- xv. Coñécense os obxectivos?
- xvi. Están ben seleccionados os recursos?
- xvii. Está correctamente secuenciada?

Diversidade

- xi. Adáptase a programación ás características do alumnado?
- xii. Organízanse axudas entre iguais? Fortálécese a interactividade?
- xiii. Tense en conta a motivación de cada alumno/a?

Actividades de aula

- xiii. Son diversas?
- xiv. Esixen esforzo? Esixen a utilización de diferentes recursos?
- xv. Organízase ao alumnado de xeitos diferentes?

Avaliación

- iv. Utilízanse diferentes instrumentos de avaliación?
- v. Utilízanse diferentes instrumentos de rexistro?
- vi. Axudan ao alumnado a mellorar?

Á finalización do curso, o alumnado responderá a unha enquisa de avaliación que facilite a autoavaliación do profesor e que se indica como anexo VII

xv. Indicadores de logro para avaliar a propia programación.-

1. A quen se dirixe?
2. Coñécense os obxectivos?
3. Están ben seleccionados os recursos? Están analizados en profundidade? Están seleccionados segundo a súa idoneidade?
4. Está correctamente secuenciada?
5. Está coordinada co resto do profesorado, en particular co profesorado de educación física?

xvi. Actividades complementarias e extraescolares.-

Colaborarase coas actividades organizadas conxuntamente polo equipo docente ou por outros departamentos, de ser necesario, e sempre que non afecte ao desenvolvemento das propias actividades lectivas noutros grupos.

xvii. Accións de contribución ao proxecto lector.-

Realizaranse lecturas sobre temas específicos, especialmente de artigos de opinión e de información que sexan publicados na prensa:

6. Sobre a responsabilidade social corporativa
7. Sobre a evolución de indicadores económicos:
 1. Nivel de desemprego.
 2. Renda Nacional.
 3. Participación dos salarios na renda nacional.

4. ... / ...

8. Sobre a unión europea e as dificultades do proceso de integración.

9. ... / ...

xviii. Accións de contribución ao proxecto TIC

Utilizaremos a aula de informática para realizar buscas individuais de información relativa aos temas anteriores.

xix. Accións de contribución ao plan de convivencia.-

Solucionaranse as desavenencias que, no seu caso, xurdan entre o alumnado mediante o diálogo e busca de compromisos entre as partes.

xx. Información ao alumnado e ás familias.-

Trimestralmente outorgarase unha cualificación que reflicte o progreso do alumnado na materia. De ser preciso, falarase persoalmente coas familias na hora de titoría ou ben nalgunha hora consensuada coa familia afectada.

xxi. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.-

Regularmente rexistrarase o desenvolvemento da programación no libro de actas do Departamento.

No caso de producirse desaxustes que fagan prever que non se cumprirá o previsto no apartado III desta programación, respecto da temporalización, analizaranse as causas e proporase á Xefatura de Estudos unha planificación correctora, deixándose constancia da mesma no libro de actas do Departamento.

Coincidindo coas avaliacións trimestrais, analizaranse os resultados de forma porcentual, e no caso de desaxustes importantes cos resultados das outras materias analizaranse as causas e proporase á Xefatura de Estudos unha planificación correctora, deixándose constancia da mesma no libro de actas do Departamento.

No mes de maio pasarase unha enquisa de satisfacción ao alumnado, de acordo co modelo recollido no ANEXO VI

Cambados, Setembro 2022

ANEXO I

Economía, 4º ESO. Cuestionario inicial

Apellidos e Nome:..... **Data:**

TEST DE COÑECEMENTOS PREVIOS

1. Cal é o teu proxecto académico para o curso vindeiro?
2. Que esperas obter da materia “economía”?
3. Que é para ti unha empresa?
4. Que é para ti o risco do empresario?
5. Cal é para ti o principal obxectivo dunha empresa?
6. Se tiveses que facer unha clasificación das empresas: como a farías?
7. Dime que entendes por “patrimonio”
8. Sabes que son o “Activo” e o “Pasivo” dunha empresa.

ANEXO II

Economía, 4º ESO. Modelo de Test de coñecementos. 1ª avaliación

Apelidos e nome: Curso: ...

Responde ás seguintes cuestións (1 punto cada unha delas)

(nas preguntas de resposta alternativa, as respostas erróneas descuentan 0,25 puntos)

1. Como sabes, entendemos por **empresa** “a unidade económica que, a partir da combinación organizada dos diferentes factores materiais e humanos, produce un ben ou servizo co obxectivo de acadar un beneficio económico”

Fai outra definición de empresa utilizando as seguintes expresións:

“materiais e humanos”, “organización”, “recursos”, “e acadar un beneficio” “ben ou servizo”, “fabricación ou prestación”, “combina”, “que”, “para a”, “dun”

2. Como sabes, unha das **funcións das empresas** é a “*creación e distribución de riqueza*”, pon un exemplo, razoado, deste mecanismo propio da túa localidade.
3. O Custo de oportunidade é o:

1. Valor da mellor opción non realizada.

2. Valor do ben que adquirimos.
 3. Valor dos factores produtivos.
 4. Ningunha é correcta.
- iv. A expresión “*habería que aumentar os impostos aos axentes económicos para facer que diminúa o déficit público*” forma parte:
1. Dos feitos económicos.
 2. Da economía positiva.
 3. Da economía normativa.
 4. Ningunha é correcta.

A fronteira de posibilidades de produción, a teoría do fluxo circular da renda e a lei da oferta e demanda de mercado son:

1. Teorías económicas.
 2. Representacións simplificadas da realidade.
 3. Modelos económicos.
 4. Todas son correctas.
6. Prezo de equilibrio do mercado é aquel no que:
1. Hai un exceso de demanda no mercado polo que o prezo subirá.
 2. Hai un exceso de oferta polo que o prezo baixará.
 3. A cantidade demandada e a cantidade ofertada iguálanse.
 4. O prezo nunca está en equilibrio.

7. Un oligopolio é:

1. Un mercado de competencia imperfecta.
2. Unha situación de mercado na que hai poucos oferentes.
3. Unha situación de mercado na que as empresas teñen capacidade para influír individualmente na formación do prezo.
4. Todas son correctas.

8. A característica principal dun mercado de competencia perfecta é que:

1. Hai moitos consumidores pero poucos oferentes.
2. Hai poucos consumidores e poucos oferentes polo que se anulan entre eles.
3. Os comportamentos individuais non afectan ao prezo de equilibrio.
4. Ningunha é correcta.

9. Explica o funcionamento do FLUXO CIRCULAR DA RENDA reflectido na seguinte imaxe

10. Cal é a consecuencia normal dun aumento de prezos dun produto?:

1. Aumenta a cantidade ofertada.
2. Aumenta a cantidade demandada.
3. Diminúe a cantidade ofertada.
4. Ningunha é correcta.

ANEXO III

Economía, 4º ESO. Modelo de rexistro de capacidades adquiridas 1ª avaliación

Alumno: Grupo:

Estándares de aprendizaxe	Grao de consecución			
	1	2	3	4
ECB1.1.1. Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de calquera economía e comprende que todas as eleccións supoñen renunciar a outras alternativas e que todas as decisións teñen consecuencias				
ECB1.1.2. Distingue formas de analizar e resolver problemas económicos, e identifica as súas vantaxes, os seus inconvenientes e as súas limitacións.				
ECB1.2.1. Comprende e utiliza correctamente termos da área da economía.				
ECB1.2.2. Diferenza entre economía positiva e economía normativa.				
ECB1.2.3. Representa e analiza graficamente o custo de oportunidade mediante a fronteira de posibilidades de produción.				
ECB1.3.1. Representa as relacións que se establecen entre as economías domésticas e as empresas.				
ECB1.3.2. Aplica razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas do seu contorno.				
ECB2.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónaas coas esixencias de capital para a súa constitución e coas responsabilidades legais para cada tipo.				
ECB2.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresas máis apropiadas en cada caso, en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas.				
ECB2.1.3. Distingue os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu ámbito, así como a forma de interactuar co seu contorno máis próximo e os efectos sociais e ambientais, positivos e negativos, que se observan.				
ECB2.2.1. Analiza os tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía.				
ECB2.2.2. Identifica os sectores económicos, así como os seus retos e as súas oportunidades.				
ECB2.3.1. Explica as posibilidades de financiamento das empresas e diferenza o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e				

as implicacións na marcha da empresa.				
ECB2.4.2. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados.				
ECB2.5.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa forma xurídica e as actividades, e sinala o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas entre eles.				
ECB2.5.2. Valora a achega que para a riqueza nacional supón a carga impositiva que soportan as empresas.				

Economía, 4º ESO. Modelo de rexistro de capacidades adquiridas 2ª avaliación

Alumno: Grupo:

Estándares de aprendizaxe	Grao de consecución			
	1	2	3	4
ECB3.1.1. Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento.				
ECB3.1.2. Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado.				
ECB3.1.3 Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas.				
ECB3.2.1. Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa, de acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional.				
ECB3.3.1. Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto.				
ECB3.3.2. Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco e seleccionando a decisión máis axeitada para cada momento.				
ECB3.4.1. Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria.				
ECB3.4.2. Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos.				
ECB3.4.3. Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas.				
ECB3.4.4. Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa.				
ECB3.5.1. Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida.				
ECB4.1.1. Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comenta as súas relacións.				
ECB4.1.2. Analiza e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e os gastos do Estado.				

ECB4.1.3. Distingue nos ciclos económicos o comportamento dos ingresos e dos gastos públicos, así como os efectos que se poden producir ao longo do tempo..				
ECB4.1.4. Describe o contido dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución.				
ECB4.2.1. Comprende e expresa as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce entre eles.				
ECB4.3.1. Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta.				
ECB4.3.2. Interpreta gráficos representativos da distribución da renda				

Economía, 4º ESO. Modelo de rexistro de capacidades adquiridas. 3ª avaliación

Alumno: Grupo:

Estándares de aprendizaxe	Grao de consecución			
	1	2	3	4
ECB5.1.1. Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.				
ECB5.1.2. Explica o funcionamento dos tipos de interese e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía.				
ECB5.1.3. Valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de xuro, inflación e desemprego.				
ECB5.2.1. Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.				
ECB5.2.2. Analiza os datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego.				
ECB5.2.3. Investiga e recoñece vieiros e tendencias de emprego.				
ECB6.1.1. Valora o grao de interconexión das economías de todos os países do mundo e aplica a perspectiva global para emitir xuízos críticos.				
ECB6.1.2. Explica as razóns que xustifican o intercambio económico entre países e que inflúen nel.				
ECB6.1.3. Analiza e presenta acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional.				
ECB6.1.4. Recoñece e enumera vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea.				
ECB6.1.5. Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional, e analiza as posibilidades dun desenvolvemento sustentable.				

ANEXO IV

Actividades de ensinanza e aprendizaxe .-

Durante o mes de setembro e a primeira semana de outubro identificaremos, o concepto de economía e trataremos os estándares de aprendizaxe relacionados con:

- As necesidades humanas.
- A escaseza e a necesidade de elixir.
- A diferenza entre economía positiva e economía normativa.
- O concepto de custo de oportunidade.
- O razoamento económico.
- Os modelos económicos.

Faremos as lecturas propostas no libro de texto e resolveremos os exercicios. Estas actividades ocuparanos aproximadamente 9 sesións de clase.

No resto do mes de outubro analizaremos os factores produtivos, os sectores da economía e os ingresos e gastos das empresas para configurar o beneficio, o que nos levará 8 sesións.

Ás diferentes formas xurídicas da empresa dedicaremos 6 sesións no mes de novembro e o resto do mes, outras 6 sesións será para as diferente fiscalidade que soportan as empresas en relación coa súa forma xurídica. No mes de decembro, no que dispoemos de moi poucas sesións (5 previas ás avaliacións) dedicarémonos a actividades de consolidación e de avaliación.

Nos meses de xaneiro dedicaremos as primeiras 6 sesións aos estándares relacionados co financiamento, tanto persoal como das empresas e as outras 6 sesións do mes aos estándares relacionados cos produtos bancarios. Antes do entroido dedicaremos as 3 sesións de febreiro ao estándar relacionado cos seguros.

Tras o entroido, as 6 sesións restantes do mes, serán para os estándares relacionados cos ingresos e gastos públicos para entrar no mes de marzo co déficit público e coa débeda pública e rematar a segunda avaliación coa renda e a súa distribución.

Xa na 3ª avaliación dedicaremos as 11 sesións do mes de abril a:

- Inflación
- Tipos de interese
- Desemprego

No mes de maio desenvolveremos os estándares relacionados coa globalización, coas súas repercusións medioambientais e co desenvolvemento sustentable, para acabar a materia coas vantaxes e inconvenientes d a integración europea .

ANEXO V

Economía, 4º ESO. Modelo de proba para a avaliación extraordinaria

Apelidos e nome: Curso: ...

Responde ás seguintes cuestións (1 punto cada unha delas)

1. Que entendemos por empresa? Cal é a súa función?
2. Que di a lei da demanda? E a lei da Oferta?
3. Que se entende por prezo de equilibrio?
4. Explica o funcionamento do FLUXO CIRCULAR DA RENDA reflectido na seguinte imaxe

5. Explica o funcionamento do FLUXO CIRCULAR DA RENDA reflectido na seguinte

No exercicio económico correspondente ao ano 2016 unha empresa fabricante de balóns de fútbol alcanzou unha produción de 352.000 unidades. No departamento de produción esta empresa conta cun cadro de persoal de 50 empregados. A xornada laboral diaria destes traballadores é de 8 horas e traballan 220 días ao ano. Tendo en conta esta información:

1. Calcula a produtividade media do traballo.
2. Como podería a empresa intentar que mellorase esa produtividade?

6. Dada a seguinte información sobre os custos de produción dunha empresa:

Produción (en unidades)	0	1	2
Custos totais (en euros)	50	60	68

1. Determinar os custos fixos e variables para cada nivel de produción.
2. Calcular os custos medios para cada nivel de produción.

7. Cal é o límite máximo recomendabl de endebedamento para unha persoa? E para unha empresa? Razona a túa resposta.

8. Pon 3 exemplos de fontes de financiamento dun hipotético proxecto empresarial.

9. Que é a Responsabilidade Social Corporativa? Cales son os seus ámbitos?

10. Enumera 3 vantaxes e 3 inconvenientes da integración europea?

ANEXO VI

Economía, 4º ESO. Enquisa de satisfacción

Como cualificarías os contidos que se desenvolveron da materia?

Moi malos	Regulares	Aceptables	Bos	Moi bos

Como cualificarías o método aplicado na materia?

Moi malo	Regular	Aceptable	Bo	Moi bo

O que estivo ben:

--

O que estivo mal:

--

Propostas de mellora:

--



